



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de abril de 2022 (1191/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día sete de abril de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(226).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 31 de marzo e ordinaria do 1 de abril de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(227).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 14604/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 04/04/2022, asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica e pola concelleira-delegada delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A/ RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso. Expediente nº 13918/111

Sentenza nº 13 do 27 de xaneiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 284/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta (e expresa serodia do 15-11-2021). Caída dun neno nun bambán dun parque infantil

Expte(s): 6254/243

Contía: 17.062,38 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso (considera axustada a dereito a resolución expresa do 15-11-2021, estimatoria parcial, con imputación á contratista).

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto e verificar a execución do acto administrativo que resulta confirmado.

2.- Contencioso. Expediente nº 13959/111

Sentenza nº 16 do 27 de xaneiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 300/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 23-6-2021. Sanción de tráfico

Expte(s): 287222/280

Contía: 400,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula a sanción imposta, con custas taxadas de oficio, e faino porque a titular do vehículo, logo de desatender o requirimento de identificación correctamente notificado, identifica a alguén como conductor (un ano despois da denuncia inicial) e o Concello admite tal actuación extemporánea.

Como consecuencia de tal proceder resulta que a infracción prescribiu, queda impune e a administración municipal en mal lugar.

A Tesourería-Recadación Municipal e o departamento de Seguridade deben coñecer o resolto e evitar estas “situacións”.

3.- Contencioso. Expediente nº 13356/111

Sentenza nº 5 do 19 de xaneiro de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso extraordinario de revisión: 267/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta. Reclamación de RPA.

Expte(s): 6072/243

Contía: 30.000,00 €

Resolve o recurso presentado, ao abeiro do art. 102.1 da LXC-A, contra a sentenza firme nº 54/2021, desestimándoo en canto ao fondo polos tres motivos (que alegamos) recollidos no seu FD 3; con custas taxadas de oficio.



Concello de Vigo

O departamento municipal de Persoal debe coñecer o resolto.

Procedemento de orixe:

RCA nº 356/2020 PA XCA nº 2 de Vigo, Sentenza nº 54 do 16/03/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/04/2021

4.- Contencioso. Expediente nº 14126/111

Sentenza nº 41 do 14 de febreiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Dereitos fundamentais: 376/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 18-11-2021. Servizos mínimos en folga convocada na concesionaria do transporte

Expte(s): 3577/449

Contía: 40.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, anula a resolución de servizos mínimos impugnada e desestima a pretensión indemnizatoria.

O departamento de Transportes debe informar con urxencia sobre as bases e a procedencia dunha eventual apelación que esta parte considera inviable.

O principal interese desta sentenza, e da ditada polo XC-A nº 2 no PE/DF 309/2021, é para o futuro, para evitar resolucións como a anulada, no fondo e na forma, é fixar uns criterios útiles para a determinación de servizos “mínimos” (en ausencia de regulación legal) que atendan ao sinalado no FD 6º, páxinas 12 e 13 da sentenza de autos.

O Servizo de Transportes debe executar o resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 13994/111

Sentenza nº 14 do 27 de xaneiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 316/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do 13-8-2021. RPA.

Expte(s): 6146/243

Contía: 12.379,56 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso da aseguradora municipal contra o Concello, confirmando a resolución municipal, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Patrimonio-RPA, debe coñecer o resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 14044/111

Sentenza nº 32 do 1 de febreiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 321/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 15-12-2021/denuncia do 26-7-2021. Sanción de tráfico

Expte(s): 287583/280

Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula a sanción derivada da denuncia do caso (así como as actuacións administrativas posteriores) con custas taxadas de oficio.

A Tesourería-Recadación municipal e o departamento de Seguridade deben executar o resolto.

Esta sentenza obriga a considerar coidadosamente o que son os contidos necesarios e correctos das denuncias por infraccións en materia de tráfico (e, xa que logo, os “modelos” de documentos empregados e os criterios de utilización correctos).

Igualmente obriga a introducir un filtro de racionalidade: non é lóxico, nin acorde a dereito impoñer a detracción de puntos do carné de conducir a quen non conducía.

7.- Contencioso. Expediente nº 13985/111

Sentenza nº 19 do 19 de xaneiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 306/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Reclamación do 10-5-2021 sobre retribucións (gratificacións)

Expte(s): 36235/220

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso, anula o acto presunto desestimatorio e declara o dereito de actor a percibir como gratificación a compensación polas horas extraordinarias realizadas en exceso en relación coa xornada laboral, con inclusión no cálculo das dúas pagas extraordinarias anuais, a partir de xaneiro de 2017 (4 anos de prescrición e 4 meses para compensación en descansos) e cos xuros legais.

O cálculo debe comprenderse entre xaneiro de 2017 (conforme ao resolto na sentenza) e novembro de 2020, (mes a partir do cal xa se aplicou a inclusión das pagas extraordinarias no cálculo para gratificacións con carácter xeral).

Entendemos (polo xa resolto, en apelación, por sentenza nº 303 de 22-6-2020 do TSXG.) que non procede apelar.

Os departamentos de Persoal, o de Tesourería-Nóminas o de Fomento e o de Parque Móbil deben coñecer o resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 14019/111

Decreto nº 4 do 1 de febreiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 334/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 15-9-2021 (en reposición). Sanción de tráfico (N.I.C.)

Expte(s): 287690/280

Acepta a desistencia da actora.

A Tesourería-Recadación municipal e o Departamento de Seguridade deben coñecer o resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 14372/111

Decreto nº 1 do 4 de febreiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 9/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación económico-administrativa. Solicitud de rectificación de autoliquidación de IIVTNU de 25-07-2016

Expte(s): 62058/514 e 30326/514, PV. 3112.16.1.



Concello de Vigo

Contía: 2.512,23 €

Acepta a desistencia do demandante (Resolución do 20-1-2022 estimatoria en vía administrativa).
A Dirección de Ingresos (IIVTNU) e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 14350/111
Auto nº 10 do 8 de febreiro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 401/2021
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución do TE-A do 19-10-2021. Rectificación da autoliquidación do IIVTNU
Expte(s): 5394/550

Declara rematado o procedemento (resolución do 12-1-2022 que deixa sen efecto o acto).
A Dirección de Ingresos-IIVTNU e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 14068/111
Sentenza nº 37 do 9 de febreiro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 355/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta (e expresa serodia desestimatoria do 25-1-2022). RPA
Expte(s): 6339/243
Contía: 609,76 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 14062/111
Decreto nº 5 do 7 de febreiro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 300/2021
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: XGL 26-6-2021. “Complementos” de festividade e nouturnidade (e valoración de horas extras) en vacacións, I.T. e permisos, Policía municipal
Expte(s): 35363/220
Contía: Indeterminada

Acepta a desistencia do demandante.
O departamento de Persoal (e o de Seguridade-Policía Municipal) debe coñecer o resolto.

13.- Contencioso. Expediente nº 14067/111
Decreto nº 6 do 8 de febreiro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 301/2021
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: XGL 26-6-2021. Retribucións “Complementos” de nouturnidade e festividade durante I.T. vacacións...
Expte(s): 35363/220

Acepta desistencia do actor.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 14060/111

Decreto nº 7 do 8 de febreiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 345/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Retribucións, “complementos” de nouturnidade e festividade durante I.T., vacacións...

Expte(s): 35363/220

Acepta a desistencia do demandante.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) debe coñecer o resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 13742/111

Sentenza nº 29 do 1 de febreiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 202/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do 6-5-2021. RPA, filtracións de auga no solo, decembro de 2017

Expte(s): 5969/243

Contía: 1.602,22 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso por falta de proba da relación de causalidade co funcionamento do servizo municipal de augas, apuntándose á deficiente impermeabilización do edificio.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

16.- Contencioso. Expediente nº 14056/111

Sentenza nº 42 do 17 de febreiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 357/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 10-11-2020 (inadmisión). Solicitud de revisión de sanción de tráfico

Expte(s): 111875/700 e 287842/280

Contía: 900,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Executiva deben coñecer o resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 13089/111

Sentenza nº 39 do 11 de febreiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 226/2020

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: XGL do 5-6-2020. Prórroga por 5 anos do contrato de concesión do servizo de transporte urbano (formalizado o 8-6-1995)

Expte(s): 3080/449



Concello de Vigo

Contía: Indeterminada superior a 30.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, declara a inadmisibilidade do recurso por falta de lexitimación activa da recorrente.

Amais do anteriormente resolto, no par. derradeiro do F.D. 2º, a sentenza entra na cuestión de fondo nun senso favorable na valoración xurídica do acto impugnado.

O departamento de Transportes (e o de Contratación) deben coñecer o resolto.

18.- Contencioso. Expediente nº 13990/111

Sentenza nº 44 do 17 de febreiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 317/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 26-8-2021 (en reposición). Vao na Avenida de Galicia 76 (uso común especial)

Expte(s): 116248/210

Contía: 1.000,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso con custas taxadas de oficio.

Os departamentos de Patrimonio, Seguridade e Urbanismo deben coñecer o resolto.

19.- Contencioso. Expediente nº 14078/111

Sentenza nº 40 do 17 de febreiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 374/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do 26-5-2021 (E.P.). RPA, caída na vía pública o 16-9-2018.

Expte(s): 6080/243

Contía: 8.372,75 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

20.- Contencioso. Expediente nº 14114/111

Sentenza nº 43 do 14 de febreiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 343/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta (e expresa do 4-2-2022). RPA, danos nun vehículo o 2-10-2020 pola caída dunha árbore

Expte(s): 6376/243

Esta sentenza, firme, declara a satisfacción extraprocesual do pretendido no recurso (por resolución expresa do 4-2-2022).

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto e verificar a execución do acto administrativo.

21.- Contencioso. Expediente nº 14117/111

Sentenza nº 39 do 17 de febreiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 386/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: XGL 10-6-2021. Retribucións, “Atrasos” por “complementos” de nouturnidade e festividade (en ILT, vacacións e permisos) e “fórmula” do calculo das horas extraordinarias (dividindo o valor polo nº de días de traballo efectivo ao mes ... 18, e non polos 30 días do mes)

Expte(s): 35363/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

Os departamentos de Persoal (e o de Seguridade-Policía Local e Tesourería-Nóminas), deben coñecer o resolto.

22.- Contencioso. Expediente nº 13790/111

Auto nº 76 do 21 de decembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 353/2021

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Resolución do 23-12-2020 e 28-4-2021(en reposición), fraccionamento no pagamento de tributos.

Expte(s): 111440/700 e 5297/550

Arquiva o procedemento por caducidade (non subsanación do escrito de interposición).

A Tesourería-Recadación Executiva debe coñecer o resolto.

23.- Contencioso. Expediente nº 13703/111

Sentenza nº 138 do 23 de febreiro de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 415/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Escrito do 3-11-2020 e Resolución do 26-10-2020. Xubilación por incapacidade permanente total para a profesión habitual

Expte(s): 36603/220

Contía: 8.195,00 €

Esta sentenza, que non é firme, resolve os dous recursos de apelación interpostos contra a sentenza nº 125/2021 de instancia polo demandante e polo Concello de Vigo.

Desestima o recurso do demandante e estima o recurso de apelación municipal, revogando a sentenza de instancia e desestimando o recurso do demandante.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 346/2020 DF XC-A nº 2 de Vigo, Sentenza nº 125/2021 do 10/06/2021, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 10/09/2021.

24.- Contencioso. Expediente nº 14051/111

Sentenza nº 50 do 24 de febreiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 346/2021



Concello de Vigo

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 29-10-2021. Inadmisión de solicitude de documentación sobre viais (transparencia)

Expte(s): 5747/244

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento municipal de Patrimonio debe coñecer o resolto.

25.- Contencioso. Expediente nº 13394/111

Sentenza nº 139 do 23 de febreiro de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Ordinario: 28/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución do 9-12-2022 do Xerente do Consorcio G.S.I.B. 2ª "liquidación" 2020, escolas infantís da r. Palencia e Valadares

Expte(s): 24837/332

Contía: 102.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso, sen custas (porque “concorren dúbidas de dereito”), seguindo o “criterio” das outras anteriores (que encadran as escolas infantís no ámbito dos servizos sociais; non serían escolas infantís senón “centros de menores e... de atención a infancia”).

Os departamentos de Educación e Benestar Social deben informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual casación.

26.- Contencioso. Expediente nº 14057/111

Sentenza nº 48 do 24 de febreiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 358/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Reclamación retributiva do 23-10-2020 gratificación.

Expte(s): 37965/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, anula o acto presunto desestimatorio impugnado, e condena ao Concello ao pagamento das diferenzas retributivas en relación coas horas extraordinarias realizadas nestes 4 anos, con xuros legais dende que deberon ser aboadas, con custas taxadas de oficio.

A sentenza admite, con toda claridade, que o Concello ven aboando gratificacións por “exceso de horario”, sen que se acredite o exceso de xornada no computo anual, e que co horario actual non se cumpren as horas da xornada de traballo anual establecida, (de aí a mención no fallo da sentenza a que se refire a “en tanto non se modifica este rexime retributivo”).

O departamento de Persoal e o de Seguridade deben coñecer o resolto.

27.- Contencioso. Expediente nº 14066/111

Sentenza nº 51 do 24 de febreiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 365/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta. Solicitude de nulidade de retirada de vehículo da vía pública.

Contía: 226,00 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso no sentido de anular o silencio administrativo e obrigar á administración municipal o resolver o escrito do demandante do 11-5-2021.
O departamento de Seguridade debe executar o xudicialmente resolto, en tempo e forma.

28.- Contencioso. Expediente nº 14140/111
Sentenza nº 53 do 1 de marzo de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 383/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 27-9-2021. Sanc. do art. 41,9, L 8/2008.
Expte(s): 19800/310

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
Os departamentos de Seguridade, Tesourería-Recadación e Sanidade deben coñecer o resolto.

29.- Contencioso. Expediente nº 13801/111
Auto nº 19 do 24 de febreiro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 252/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 9-6-2021 (E.P.). RPA, filtracións de auga
Expte(s): 5989/243

Declara o remate do procedemento por satisfacción extraprocesual en vía administrativa (acordo entre a demandante e a concesionaria do servizo).
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

30.- Contencioso. Expediente nº 12792/111
Sentenza nº 8 do 13 de xaneiro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 110/2020
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolucións do 13-2-2020, e 1-6-2020, desestimación presunta (e expresa serodia do 10-6-2020) da solicitude do 18-11-2019 penalidade na execución do contrato de obras, cubrición do patio do colexio
Expte(s): 283/441, 4817/440 e 4529/443
Contía: Indeterminada superior a 30.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso: Desestima (FD nº 1 e ss) o relativo á penalidade (resolución do 13-2-2020 expediente 283/441) e o relativo á dedución aplicada na última certificación (nº 10) de obra (resolución do 10-6-2020, expediente 4817/440).

Estima, parcialmente, as seguintes pretensións:

- Anula (FD 7º) a resolución do 1-7-2020 (expediente 4529/423) e condena ao Concello ao pagamento de 14 326,24 euros, con xuros por mora dos artigos 7 e 8 da L 3/2004, e gastos de cobro.
- Anula (FD 8º) a desestimación presunta da solicitude do 18-11-2019 condenando ao Concello ao pagamento de 42 698,67 euros, (incrementados no IVE -21 %) con xuros legais dende a data de notificación da sentenza (como custes adicionais á obra proxectada)



Concello de Vigo

Solicitamos informe urxente do departamento de Fomento, en canto á procedencia e bases dunha eventual apelación (tendo en conta que a cuestión central foron os excesos de obra..., traballos para completar o proxectado ..., que só se estiman cando son imputables ao Concello: FD 8º, 2º par), en caso contrario debe executar en tempo e forma o xudicialmente resolto.

B/ RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 13435/111

Sentenza nº 340 do 25 de xaneiro de 2022

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 2074/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Reclamación de diferencias retributivas. Programas de emprego (inserción laboral VVX) 2018

Esta sentenza (só susceptible de casación para a unificación de doutrina) desestima o recurso do Concello e confirma a sentenza de instancia, con custas taxadas de oficio.

Entendemos (agás mellor criterio do departamento de Persoal e Emprego) que procede executar a sentenza.

Procedemento de orixe:

P.O. nº 641/2019 Xulgado do Social nº 3 de Vigo, Sentenza nº 35/2021 do 5/2/2021, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 22/04/2021.

2.- Social. Expediente nº 13783/111

Sentenza nº 2 do 1 de febreiro de 2022

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Ordinario: 484/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación de complemento por atención ao público

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda por aplicación do disposto nos arts. 20 e 21 do C/C en relación co art. 4 do RD 861/1986 (ao que o Convenio se remite) sinalando que o C.E:

- ten que ser aprobado polo Pleno (e incorporado á RPT)

- esixe unha previa valoración do posto de traballo

- e que a valoración dos postos de traballo e a fixación dos CE/modificación da RPT é unha cuestión administrativa, sen que lle corresponda á xurisdición social levar a cabo estas funcións.

O departamento de Persoal e o de Deportes deben coñecer o resolto.

3.- Social. Expediente nº 13234/111

Sentenza nº 35 do 14 de febreiro de 2022

Xulgado do Social nº 3 de Vigo

Ordinario: 711/2020

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Recoñecemento da condición de persoal laboral "fixo"

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda.

Acolle a excepción que alegamos de cousa xulgada para desestimar a pretensión da fixeza. Considera ademais que o procedemento de selección seguido no seu día para o contrato temporal non se corresponde co esixible para ocupar unha praza de persoal laboral fixo. E conclúe tamén que o contrato laboral temporal inicial foi lícito, a fraude derivou da súa continuidade máis alá do prazo temporal inicial. O departamento de Persoal (e o de Benestar Social) deben coñecer o resolto.

4.- Social. Expediente nº 13725/111
Sentenza nº 69 do 10 de febreiro de 2022
Xulgado do Social nº 7 de Vigo
Despedimento/cesamento en xeral: 436/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Despedimento obxectivo (por causas organizativas) do 5-3-2021, pola UTE Zonas Verdes de Vigo.

Esta sentenza, que non é firme, estima en parte a demanda declarando improcedente o despedimento, absolvendo ao Concello polo exposto no parágrafo derradeiro do FD 4º. Os departamentos de Contratación e Parques e Xardíns deben coñecer o resolto. O parágrafo penúltimo do FD 3º desta sentenza refírese aos medios mínimos de persoal establecidos nos pregos de cláusulas do contrato administrativo do caso, en termos que teñen que ser atendidos polo Servizo Municipal de Parques e Xardíns.

5.- Social. Expediente nº 13482/111
Sentenza nº 847 do 17 de febreiro de 2022
TSX Galicia, Sala do Social
Recurso de suplicación: 2431/2021
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Reclamación da condición de fixo ou indefinido (subsidiariamente). Contrato laboral temporal interinidade de mestre de formación de coiro, Escola de Artes e Oficios.
Expte(s): 257/13-OEP 2017-34511/220

Resolve o recurso interposto polo demandante, rexeita a pretensión de firmeza (FD 2ª) e estima a pretensión, subsidiaria, de declaración como persoal laboral temporal indefinido non fixo (aplicando a mais recente doutrina da STS 18-6-2021). Solicitamos informe urxente de Persoal e Educación sobre a procedencia e bases dunha eventual casación para a unificación da doutrina (que este servizo estima dificilmente viable) Procedede executar o xudicialmente resolto, levar a cabo a obrigada regularización de todas as situacións de persoal laboral temporal indefinido non fixo, e a adoptar medidas preventivas e de control precisas para evitar estas situacións.

Procedemento de orixe:

Procedemento Ordinario nº 856/2019 XS nº 4 (Reforzo) de Vigo, Sentenza nº 59/2021 do 10/02/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/04/2021.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na



Concello de Vigo

execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente acordo.

3(228).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DE SERVIZO PARA O MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO DOS COMPRESORES, RAMPLAS DE CARGA, EQUIPOS AUTÓNOMOS E BOTELLAS DE AIRE PARA O PARQUE CENTRAL DE TEIS E PARQUE PROVISIONAL DÁS INSTALACIÓNS EDAR. EXPTE. 6634/213.

Visto o informe xurídico do 29/03/2022 e o informe de fiscalización do 30/03/2022, dáse conta do informe-proposta do 16/03/2022, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios, a concelleira-delegada de Seguridade e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 7 de febreiro de 2022 a concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade acordou iniciar o procedemento de contratación para o mantemento preventivo e correctivo dos compresores, ramplas de carga, equipos autónomos e botellas de aire Parque Central de Teis e parque provisional das instalacións EDAR.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros o 7 de febreiro de 2022 e a concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade

Resolución de inicio do expediente de contratación da concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade de 7 de febreiro de 2022.

Memoria ecocómica do contrato de data 14 de febreiro de 2022, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros, Concelleiro Orzamentos e Facenda e o conforme da concelleira-delegada de Empresa, Economía e Seguridade.

Certificado de crédito de data 18 de febreiro de 2022.

Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 21 de febreiro de 2022 e correxido o 14 de marzo de 2022, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros.

Memoria xustificativa do contrato de data 21 de febreiro de 2022 e correxido o 14 de marzo de 2022, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da concelleira-delegada de Empresa, Economía e Seguridade.



Concello de Vigo

Informe da xefa do Servizo de Contratación de 16 de marzo de 2022 sobre a incorporación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado de servizo para o mantemento preventivo e correctivo dos compresores, ramplas de carga, equipos autónomos e botellas de aire, asinado pola técnica de contratación de data 16 de marzo de 2022 e pola xefa do Servizo de Contratación o 16 de marzo de 2022.

1.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. A concelleira-delegada da Empresa, Economía e Seguridade mediante resolución de 29 de marzo de 2021 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizos (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o aberto (art. 156 LCSP).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada

e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto de servizo para o mantemento preventivo e correctivo dos compresores, ramplas de carga, equipos autónomos e botellas de aire para o Parque Central de Teis e parque provisional das instalacións EDAR. que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 14 de marzo de 2022.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 16 de marzo de 2022.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 153.186,40 euros, do que 26.586,07 euros corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13602279901 “ Mantemento Grupos Autónomos” do presuposto municipal vixente de acordo cá seguinte distribución por anualidades con IVE.

Ano 2022: 30.637,28€.

Ano 2023: 30.637,28€.

Ano 2024: 30.637,28€.

Ano 2025: 30.637,28€.

Ano 2026: 30.637,28€.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente acordo.

4(229).- CAMBIO DA RESPONSABLE DO CONTRATO MIXTO DE SUBMI- NISTRO E OBRAS PARA A CONTRATACIÓN DA INSTALACIÓN DE LUMINA- RIAS LED E OUTROS ELEMENTOS DA REDE DE ALUMEADO VIARIO NA ZONA I: CENTRO DE VIGO. EXPTE. EXPTE. 51914/444.

Dáse conta do informe-proposta do 30/03/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, a xefa do Servizo, a concelleira-delegada de Área, a titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN



Concello de Vigo

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mixta de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de iluminación viaria na zona I: centro de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación mixta de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de iluminación viaria na zona I: centro de Vigo (PPT)

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 27 de maio de 2021, aprobou o expediente de licitación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, da contratación mixta de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de iluminación viaria na zona I: centro de Vigo.

2.- En data 2 de setembro de 2021, a Xunta de Goberno Local, acordou adxudicar a IMESAPI, S.A. o procedemento aberto mixto de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de iluminación viaria na zona I: centro de Vigo (51.914-444) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 2.551.133,15 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 442.758,65 euros, cunha redución dos prezos unitarios dos subministros recollidos no anexo IV do PPT que resulta do cadro incluído como Anexo V ao PCAP segundo os importes sinalados na súa oferta.
- b) Propón unha porcentaxe de desconto única do 20,00% a aplicar para todos os prezos unitarios máximos para a execución de pequenas actuacións de obras para as instalacións dos elementos subministrados incluídos no anexo V do PPT.

Este contrato formalizouse o 7 de outubro de 2021 por un prazo de 6 meses a contar a partir da acta de comprobación do replanteo, que tivo lugar o 7 de novembro.

3.- En data 1 de marzo de 2022, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario co conforme do concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, emite o seguinte informe:

“A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do día 2 de setembro de 2021, acordou Adxudicar a ImesApi S.A. o procedemento aberto mixto de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de alumado viario na zona I:centro de Vigo.

Con data 7 de outubro de 2021, foi asinado o contrato correspondente a dita adxudicación, indicando como data de inicio o 8 de novembro de 2021.

De acordo co PCAP, o servizo xestor deste expediente o Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético e a responsable do contrato é a Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético, polo cal atendendo ao volume de traballo da Área de Fomento e Servizos e a asignación de traballos entre o persoal técnico se solicita o cambio de responsable do contrato, do servizo xestor do mesmo, pasando a ser a Enxeñeira Técnica Industrial da Área de Fomento, Susana González Ramírez, responsable do contrato.

A solicitude de cambio do responsable do contrato afecta unicamente a un aspecto organizativo da propia administración municipal dentro da mesma Área de Goberno, Concellería de Fomento e Servizos polo cal, non ten ningunha incidencia nas condicións esenciais da licitación nin da propia adxudicación.

Polo exposto, dáse traslado ao Servizo de Contratación para a tramitación da mesma”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

En primeiro lugar, resulta preciso determinar a lexislación aplicable a este cambio. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato, no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil), é dicir, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.



Concello de Vigo

Do responsable do contrato

O artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público dispón que *“Con independencia da unidade encargada do seguimento e da execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, os órganos de contratación deberán designar un responsable do contrato, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada á entidade contratante ou allea a ela”*.

Neste senso, a cláusula 1.3 do PCAP determina que:

“[...] O responsable do contrato coas competencias que lle asigna o artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) será fixado no apartado 1.C da FEC ou será nomeado pola Xunta de Goberno local no acordo de aprobación do expediente. Se durante a vixencia do contrato fose necesario cambialo, o concelleiro delegado do servizo xestor indicará esta circunstancia ao Servizo de Contratación, o cal formulará a proposta ao órgano de contratación para a súa aprobación. Este cambio non terá a consideración de modificación contractual [...]”

Segundo o apartado 1C das Follas de especificacións do contrato (en adiante FEC) determina que a responsable do contrato é a xefa do Servizo de Electromecánicos e aforro enerxético.

No informe do Servizo Administrativo e de Control orzamentario da Área de Fomento de data 1 de marzo de 2022 se sinala que: *“atendendo ao volume de traballo da Área de Fomento e Servizos e a asignación de traballos entre o persoal técnico se solicita o cambio de responsable do contrato, do servizo xestor do mesmo, pasando a ser a Enxeñeira Técnica Industrial da Área de Fomento, Susana González Ramírez, responsable do contrato”*.

Tal e como se sinala na citada cláusula 1 do PCAP, se durante a vixencia do contrato fose necesario cambiar o responsable do contrato, o concelleiro delegado do servizo xestor indicará esta circunstancia ao Servizo de Contratación, o cal formulará a proposta ao órgano de contratación para a súa aprobación. Este cambio non terá a consideración de modificación contractual.

Á vista do exposto, procede o cambio da responsable do contrato, a xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético, pola enxeñeira técnica industrial da Área de Fomento, D^a. Susana González Ramírez.

- III-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP)

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o cambio da responsable do contrato mixto de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de alumado viario na zona I: centro de Vigo (expediente 51.914-444) designando á enxeñeira técnica industrial da Área de Fomento, Dª. Susana González Ramírez.

3º.- Notificar este acordo ao servizo xestor e ao contratista, IMESAPI, S.A.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente acordo.

5(230).-PROPOSTA PARA APROBACIÓN DE “PROGRAMA DE ACTUACIÓN PARA DESENVOLVER PROCESOS DE MANTEMENTO CATASTRAL SEGUNDO O CONVENIO VIXENTE E A PARTIR DA INFORMACIÓN DA XERENCIA DE URBANISMO, SERVIZO DE PATRIMONIO-INVENTARIO DE BENS INMOBLES E VIAIS, AREA DE FOMENTO ASÍ COMO INCORPORACIÓN DA INFORMACIÓN Á PLATAFORMA MUNICIPAL VCI+”. EXPTE. 2884/500.

Visto o informe de fiscalización do 31/03/2022 e o informe da Área de Recursos Humanos e Formación, da mesma data, dáse conta do informe-proposta de data 30/03/2022, asinado pola xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

O recente **Convenio de colaboración en materia de Xestión Catastral asinado con data 22 de novembro de 2021** (expediente 2816/500), entre o Concello de Vigo e a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) obriga ao Concello a desenvolver funcións de elevado nivel tecnolóxico inviábeis sen o concurso de profesionais da enxeñería expertos en GIS. Por outra parte, a tramitación individualizada de altas, baixas e modificacións catastrais desenvólvese desde o ano 2002 coa colaboración de empresas externas especializadas en Xestión Catastral cuxos contratos vixentes están na última das súas prórrogas e para o desenvolvemento dun **novo procedemento de licitación** debemos contar cun profesional de especialidade económica que realice os estudos previos de procesos e tempos de realización dos diferentes servizos catastrais para contar cun axeitado estudo de custes que integre a memoria económica e acompañe ao prego de prescricións técnicas que rexerán a nova licitación.



Concello de Vigo

O Concello non conta, no conxunto da súa plantilla, con ningún enxeñeiro/a especializado en GIS e os/as economistas da Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada están todos asignados a cometidos específicos, mesmo realizando actividades, de modo transversal, para outros servizos ou áreas.

O apuntado anteriormente respecto das novas esixencias do Convenio e o deseño da nova licitación son só dous puntos críticos dos moitos cometidos que implica a colaboración asinada coa Dirección Xeral do Catastro. Por outra parte resulta innecesario explicitar a relevancia que para os ingresos tributarios do Concello e a implementación de políticas municipais ten o mantemento da Base de datos Catastral do municipio. Así pois, resulta urxente a aprobación do presente programa temporal de actuación con nomeamento de funcionarios interinos para atender as funcións técnicas que requiren as obrigas do novo Convenio, en particular, porque no **mes de xuño a Comisión de Seguimento** integrada por tres representantes do Concello e tres representantes da Dirección Xeral do Catastro se pronunciará sobre o seu desenvolvemento e aprobará ou rexeitará o prego de condicións técnicas que deberá rexir a nova licitación.

1. OBXECTO E FINALIDADE DO PROGRAMA

O obxecto consistirá en **desenvolver procesos de mantemento catastral segundo o Convenio vixente e a partir da información da Xerencia de Urbanismo, Servizo de Patrimonio-Inventario de bens inmobles e viais, Área de Fomento así como incorporación da información á plataforma municipal VCI+**

As finalidades serían as seguintes:

1. O deseño dos procesos informáticos e procedimentais doutra índole necesarios para a cumprimentación das novas obrigas asumidas polo Concello no Convenio asinado con data 22 de novembro de 2021.
2. A importación da información catastral resultante para posta a disposición de todas as Áreas Municipais para a correcta xestión dos diferentes servizos que actúan sobre territorio.
3. Proporcionar ás diferentes Concellerías Municipais datos estatísticos e espaciais para o deseño de políticas sectoriais municipais e para concorrer á subvencións estatais e da UE.

2. ACTUACIÓNS A DESENVOLVER

2.1 Deseño dos procesos informáticos e procedimentais doutra índole necesarios para a cumprimentación das novas obrigas asumidas polo Concello no Convenio asinado con data 22 de novembro de 2021.

2.1.1 O novo Convenio asinado o 22 de novembro de 2021 engade como novidade exclusiva respecto do resto do ámbito territorial da Dirección Xeral do Catastro - Estado excepto territorios forais-, a delegación no Concello de Vigo da tramitación de expedientes de solicitudes de baixa catastral e expedientes de subsanacións de discrepancias, o que significará unha inmediatez nos cambios catastrais en beneficio da cidadanía e dos servizos municipais que actúan sobre o territorio. As peticións de subsanación de discrepancias físicas, xurídicas e económicas serán trasladadas dende as plataformas electrónicas da Dirección Xeral do Catastro ao Concello de Vigo segundo consta na Clausula segunda e a Disposición Adicional segunda do citado Convenio. É necesario

crear un protocolo automatizado informaticamente integrado no GIS municipal e compatible coa plataforma VCI+, para a importación, tramitación na Xestión de Expedientes Municipal e traslado, unha vez resoltas, á Dirección Xeral do Catastro.

2.1.2 Incorporación dunha ferramenta GIS municipal para dar cumprimento ao recollido na Cláusula cuarta do Convenio respecto ao Mapa de Xestión da Dirección Xeral do Catastro. Este Mapa de incidencias GIS ademais servirá como repositorio de calquera circunstancia vinculada aos bens inmobles enclavados no Termo Municipal de Vigo.

2.1.3 Posta a punto da implementación do procedemento de comunicación a que se obriga o Concello a través de Ordenanza e previsto no art. 14b) do Texto Refundido da Lei de catastro inmobiliario, no sentido de tramitar as variacións catastrais a partir da información existente na Xerencia Municipal de Urbanismo liberando aos titulares catastrais das obrigas de declaración:

- Deseño das etapas en función dun estudo de casuística segundo tipoloxía da licenza urbanística concedida, documentación existente e actuación catastral requirida.
- Implementación de consultas automatizadas á Xestión de Expedientes mediante filtros por tipo de licenza urbanística, tipo de expediente e datas de trámites.
- Creación de táboas e formularios co fin de realizar seguimento durante as fases de tramitación.
- Creación de táboas con información espacial compatible coa plataforma VCI+

2.1.4 Implementar procedemento de comunicación entre o departamento de Inventario Municipal de Bens Inmobles e Inventario de Viais para coordinar a información existente na cartografía municipal coa existente na cartografía catastral:

- Identificación dos expedientes do servizo de Patrimonio que incorporan bens e dereitos ao Inventario Municipal
- Coordinación e integración de guías de tramitación de expedientes do Servizo de Patrimonio e do Servizo de Xestión Catastral Delegada.
- Implementación de ferramentas informáticas de xestión, consulta e trámite de actos derivados da coordinación anterior.
- Inclusión na Base de Datos Catastral de concesions administrativas e arrendamentos de propiedades do Concello de Vigo.

2.2 A importación da información catastral resultante para posta a disposición de todas as Áreas Municipais para a correcta xestión dos diferentes servizos que actúan sobre territorio.

2.2.1 Estandarizar a normalización de procedementos urbanísticos e catastrais. Compre identificar os diferentes tipos de expedientes urbanísticos de planeamento, xestión urbanística e expropiatorios. Coordinar e integrar as guías de tramitación de expedientes urbanísticos para, finalmente, incorporar estes ás bases do Catastro e xerando un retorno á Xerencia Municipal de Urbanismo coa clasificación fiscal dos solos incluídos no planeamento, as titularidades catastrais e o seu correspondente parcelario.



Concello de Vigo

2.2.2 Obtención de rexistros catastrais con información estatística municipal actualizada: deseño dun sistema automatizado para incorporación dos domicilios (en canto ao n.º de policía e denominación de vía) na base de datos alfanumérica e gráfica do Catastro para a publicación no sistema GIS municipal.

2.2.3 Coordinación da acción inspectora urbanística e cos traballos de campo realizados polo Servizo de Xestión Catastral Delegada coa finalidade de evitar duplicidade nos traballos ou desplazamentos innecesarios ademais da optimización dos recursos municipais.

2.2.4 Implementación dun GIS para a elaboración de GML para IVG (informe de validación gráfica) derivados dos expedientes de cesión a vias e incorporando a cartografía urbanística, catastral e patrimonial do Concello de Vigo.

2.2.5 Detección de discrepancias GIS (Xeodatabase compatible coa plataforma VCI+) mediante conexión co Inventario Municipal e rexistros catastrais dos bens inmobles de titularidade municipal.

2.2.6 Detección de discrepancias GIS entre cartografía catastral e cartografía do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

2.3 Proporcionar ás diferentes Concellerías Municipais datos estatísticos e espaciais para o deseño de políticas sectoriais municipais e para concorrer á subvencións estatais e da UE.

- Estudos de usos comerciais en distintos ámbitos de interese ou información espacial partindo do parcelario e relativa á ocupación de dominio público local (de interese para Seguridade e Mobilidade).
- Estudos de localización espacial de vehículos incluídos no Padrón fiscal partindo de datos catastrais (de interese para Seguridade e Mobilidade).
- Estudos espaciais de comercio e padrón municipal de habitantes afectados ou localizados nunha un área determinada (de interese para o Servizo de Comercio).
- Estudo temporal da evolución do comercio a partir dos consumos de auga, cartografía territorial e Padrón fiscal da taxa de lixo comercial (de interese para o Servizo de Comercio).
- Elaboración de informes técnicos de datos socio-económicos de áreas espacialmente acotadas (de interese para a Xerencia Municipal de Urbanismo e outros servizos).
- Informes espaciais da afectación do despregamento de redes de telecomunicacións en determinados ámbitos espaciais (de interese para as Areas de Patrimonio e Fomento).
- Actualización do parcelario rústico e titularidades no Panel Control Cidade e plataforma VCI+ (de interese para o Servizo de Medio Ambiente)
- Outros informes de carácter espacial.

3. MEDIOS HUMANOS

O Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada incardinado na Dirección de Ingresos non conta cos recursos humanos necesarios para a implantación das novas funcións catas-

trais cos novos requerimentos tecnolóxico-informáticos polo que se necesita incorporar con carácter temporal ao Servizo 503 – Xestión Catastral Delegada, para o desenvolvemento do presente programa, os seguintes recursos humanos que desenvolverán as súas funcións en estreita colaboración co Servizo Municipal de Administración Electrónica no relativo á incorporación de información territorial catastral e outra territorial relevante na Plataforma VCI+:

Un/unha técnico/a de administración especial-economista subgrupo A1: Encargaríase de realizar os estudos previos de procesos e tempos de tramitación dos diferentes servizos catastrais para contar cun axeitado estudo de custes que integre a memoria económica e acompañe ao prego de prescricións técnicas que rexerán a nova licitación, deseño de guías de tramitación, elaboración de estatísticas e colaboración co enxeñeiro e co Servizo de Administración Electrónica e outros implicados para a transferencia automática da información municipal relevante cara o Servizo Municipal de Catastro e retorno da información catastral aos diferentes servizos.

Un/unha enxeñeiro/a técnico forestal subgrupo A2: Sería preciso seleccionar, con urxencia, un/unha enxeñeiro/a técnico forestal que, como formación complementaria, resultare experto en GIS. Esta especialidade de Enxeñeiro forestal é a máis axeitada de cara ao desenvolvemento de funcións catastrais por contar con asignaturas nas que desenvolven competencias para levantamentos topográficos e replanteos, deslindes de fincas, estudos e proxectos de teledetección e GIS, elaboración de cartografía temática, inventarios catastrais, agrupacións e segregación parcelarias, xestión de arquivos GML, validación gráfica catastral, informes topográficos e outros.

Para a incorporación da información espacial á Plataforma VCI+ é imprescindible a acreditación de coñecementos teóricos e experiencia en GIS, así como contar con competencias electrónico-informáticas e de Xestión Catastral.

Un/a auxiliar de Administración Xeral para tarefas de tramitación dos expedientes que resulten no desenvolvemento do programa.

A posibilidade de que esta administración municipal nomee funcionarios interinos para atender as funcións que requiren as actuacións incluídas neste programa está contemplada no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), de aplicación na administración local, que establece que son funcionarios interinos, os que por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados, como tales con carácter temporal para o desenvolvemento de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das circunstancias previstas, entre as que figura, no punto c, “a execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a 3 anos, ampliable ata doce máis polas leis de Función Pública que se diten no desenvolvemento deste Estatuto”

4. DURACIÓN ESTIMADA DO PROGRAMA.

O tempo estimado de **duración deste programa é de tres anos**. Para cando este programa finalice estímense executadas as implementacións de novos procesos para o cumprimento do Convenio de Xestión Catastral e incluídas as funcións de mantemento Catastral e incorporación a VCI+ no conxunto dos servizos obxecto de licitación.



Concello de Vigo

A aprobación do expediente correspóndelle a Xunta de Goberno Local ao ter atribuídas as competencias en materia de xestión de persoal (Artigo 127.1.g da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Aprobar o «Programa de actuación para desenvolver procesos de mantemento catastral segundo o convenio vixente e a partir da información da Xerencia de Urbanismo, Servizo de Patrimonio-Inventario de Bens Inmóbeis e Viais, Área de Fomento así como incorporación da información á plataforma municipal VCI+».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente acordo.

6(231).- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR INDUSTRIAS ALPEMETAL SL CONTRA A RESOLUCIÓN DO OUTORGAMENTO DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2021. EXPTE. 18823/77.

Visto o informe de fiscalización do 29/03/2022, dáse conta do informe-proposta do 14/03/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral (Resolución 25/11/2022), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2021.

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 10 de marzo de 2022, aprobou a **“RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR INDUSTRIAS ALPEMETAL SL (EXPTE. 18823/77) CONTRA A RESOLUCIÓN DO OUTORGAMENTO DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2021 (EXPTE. 18280/77)** dispoñendo:

“...PRIMEIRO.- DESESTIMAR o recurso de reposición presentado por INDUSTRIAS ALPEMETAL SL co NIF B27833045 (expte. 18823/77) por non achegar argumentos que desvirtúen a motivación que serviu de base á denegación da solicitude recorrida.”

II. Examinado o acordo pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego constata o erro na mecanización do dato do NIF da empresas INDUSTRIAS ALPEMETAL SL tanto no informe como na súa parte dispositiva do acordo da Xunta de Goberno Local do 10/03/2022 polo que procede a súa emenda.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

De conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Polas consideracións expostas procede a emenda na mecanización do dato do NIF da empresa INDUSTRIAS ALPEMETAL SL, de xeito que onde dí INDUSTRIAS ALPEMETAL SL co NIF B27833045 deberá dicir INDUSTRIAS ALPEMETAL SL co NIF B36770295.

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

A teor do establecido nas bases reguladoras da subvención, do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, dos artigos 17 e 23 da Lei de Subvencións de Galicia e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e posterior 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: RECTIFICAR o erro existente no acordo da Xunta do Goberno Local do 10/03/2022, polo que se aprobou a “RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR INDUSTRIAS ALPEMETAL SL (EXPTE. 18823/77) CONTRA A RESOLUCIÓN DO OUTORGAMENTO DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2021 (EXPTE. 18280/77)” no relativo ao dato do NIF da recurrente, de xeito que onde dí INDUSTRIAS ALPEMETAL SL co NIF B27833045 deberá dicir INDUSTRIAS ALPEMETAL SL co NIF B36770295.

SEGUNDO.- NOTIFICAR á empresa o acordo adoptado.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente acordo.

7(232).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS” 2022. EXPTE. 9190/335.



Concello de Vigo

Visto o informe xurídico do 18/03/2022 e o informe de fiscalización do 29/03/2022, dáse cona do informe-proposta do 08/03/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas resolveu en data 2 de marzo de 2022 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais do Concello de Vigo, para o desenvolvemento do programa “Vente con Nós” para o ano 2022.

O programa “Vente con Nós” desenvolve un circuío de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo, no que participan vinte e seis grupos de música, danza e canto tradicionais galegos, todos eles pertencentes a entidades federadas á Agrupación de Centros deportivos e culturais.

O programa “Vente con Nós” foi creado e rexistrado pola Agrupación de Centros deportivos e culturais (entidade inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 386-85). A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dunha concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.

O Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais veñen asinando dende o ano 2004 convenios similares de colaboración coa finalidade de fomentar, difundir e apoiar a danza, música e canto tradicional entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes. Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (cabalgata, entroido, etc).

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público,

social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais no vixente orzamento. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0010, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, polo importe de 13.500,00 euros, a favor da Agrupación de Centros deportivos e Culturais para coadxuvar aos gastos do desenvolvemento do programa “Vente con Nós”.

O importe do programa “Vente con Nós” ascende a 19.160,00 euros, correspondendo 12.300,00 euros ás vinte e seis actuacións de grupos de música e danza, 2.500,00 euros a gastos de recursos humanos, 2.800,00 euros a recursos materiais e 1.560,00 euros a material de difusión. Achégase ao expediente o orzamento de gastos e ingresos.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xuño de 2019

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da Área de Participación Cidadá e Festas e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais do Concello de Vigo, CIF B-36.791.291, para o desenvolvemento do programa “Vente con Nós” 2022.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 13.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais Concello de Vigo, con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0010 (Convenio Agrupación de centros culturais – Vente con Nós) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente acordo.

PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS” 2022.

Na Casa do Concello de Vigo, a

de dous mil vintedous.



Concello de Vigo

REUNIDOS

Dunha parte, don PABLO L. ESTÉVEZ RODRÍGUEZ, na súa calidade de CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xuño de 2019.

Doutra, dona MARÍA CONCEPCIÓN ÁLVAREZ ABALDE con D.N.I. 36.007.968-L, como presidenta da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais do Concello de Vigo, C.I.F. G-36.791.291 e enderezo social na rúa Ecuador, nº 34 local baixo Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 9190/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- O programa “Vente con Nós” foi creado e rexistrado pola Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo no ano 2001, co fin de desenvolver un circuío de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

II.- O Concello de Vigo e a Agrupación de Centros deportivos e culturais veñen asinando dende o ano 2004 convenios de colaboración para desenvolver o programa “Vente con Nós” cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

III.- A Agrupación de Centros deportivos e culturais ten entre os seus fins estatutarios

“Representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades”;

“Xestionar e acadar dos organismos competentes as axudas necesarias para que cada entidade leve a cabo os seus fins”;

“Propor á administración a súa colaboración máis extensa nos ámbitos cultural, deportivo e recreativo, podendo subscribir os acordos, convenios, etc. que fosen necesarios e sexan considerados convenientes e beneficiosos para a Agrupación.”

IV.- No ámbito das súas competencias, o Concello ten entre os seus obxectivos a programación de actividades de dinamización sociocultural nos distintos barrios e parroquias da cidade, e en particular o fomento e promoción da cultura tradicional galega nos barrios e parroquias da cidade.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 3380.489.0010, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 13.500,00 (trece mil cincocentos) euros, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais para a organización do programa “Vente con Nós”.

IX.- A Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 9190/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa o devandito programa da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes,

PACTOS

Primeiro.- A Agrupación de Centros deportivos e culturais comprométese ao desenvolvemento do programa “**Vente con Nós**”, que acolle un ciclo de actuacións de música, canto e danza tradicionais, asumindo as seguintes obrigas:

1º- Cumprir o programa obxecto deste convenio de acordo co proxecto que se achega ao presente documento, no cal:

- a) Participarán 26 grupos artísticos de música e danza tradicional, pertencentes ás entidades asociadas á Agrupación que se indican no proxecto.
- b) O número total de actuacións de música e danza tradicional con cargo ao presente convenio será de 26 (vinte e seis) de duración aproximada de 40 minutos cada unha, para actos organizados pola Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo.
- c) Establécense dúas categorías para actuacións de **música e danza tradicional**: Categoría A (19 entidades, 500,00 euros por actuación) e categoría B (7 entidades, 400,00 euros por actuación). O importe total dos grupos folclóricos ascende a 12.300,00 euros, sendo a proposta da Agrupación a seguinte:

CATEGORIA A: (500,00 euros por actuación)

Grupo de Baile “Andarela”

Grupo de Baile “Asubio”

Grupo de Baile “O Fiadeiro”.

Grupo de Baile “C.C.A.R. de Valladares”

Grupo de Baile “A.F. Corisco”



Concello de Vigo

Grupo de Baile "CRAC de Coruxo - A Buxaina"
Grupo de Baile "Froles Novas"
Grupo de Baile "Helios de Bembrive"
Grupo de Baile "Lembranzas Galegas"
Grupo de Baile A. F. "Queixumes"
Grupo de Baile A. C. "Traspés"
Grupo de Baile A. Monteiro D. M.
Grupo de Baile A. C. Tarambainas
Grupo de Baile A.C. O Coto
Grupo de Baile: A.C. "Sons das Ferriñas"
Grupo de Baile A.V.V. Freixo
Grupo de Baile C.S.C.R. de Beade
Grupo de Baile "Os ventos de Comesaña"
Grupo de Baile A.V.V. Sárdoma

CATEGORIA B: (400.00 euros por actuación)

Grupo de Baile "C.C.R. Cabral"
Grupo de Baile "Atlántida de Matamá"
Grupo de Gaitas "Rueiro de Coia"
Grupo de Gaitas "A.X. de Tempo Libre Vagalume"
Grupo de Gaitas "S.C. Pardavila"
Grupo de Baile: "A.C. Alalá"
Grupo de Baile A. V. V. Santa Mariña de Cabral

d) Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven da actuación dos grupos (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras...).

e) O orzamento de gastos dos programas ascende a 19.160,00 euros, 12.300,00 euros correspondentes ás vinte e seis actuacións de grupos e as cantidades restantes a gastos de organización (recursos materias e humanos) e material de difusión.

2º- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento das actuacións comprendidas no convenio, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil nº 032074292 con Allianz compañía de seguros y reaseguros SA, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entrega ao CONCELLO copia da póliza, que consta no expediente.

3º- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.

4º- Velar para que as condicións das actuacións e espazos de execución sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver.

5º- Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

6º- Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio. Así mesmo, presentar a declaración responsable á que fai referencia a disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia, relativa a festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños/as ou por comisións de festas: *“As festas e verbenas populares organizadas por agrupacións, asociacións de veciños/as ou por comisións de festas requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación ou comisión na que se relate o programa das actividades a realizarse e súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo. Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable ou a licenza á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada ou solicitada pola persoa titular da instalación”*.

7º- Contratar os escenarios, cadeiras e equipos técnicos de megafonía e luces necesarios para as actuacións.

8º- Contratar os servizos sanitarios (ambulancias) naqueles casos que sexan necesarios.

9º- Asumir todos os gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa e deste convenio, incluídos os referentes aos dereitos de autor.

10º- Editar e distribuír o material gráfico divulgativo do programa. En todos os casos deberá aparecer o logotipo do Concello de Vigo como patrocinador das actividades.

11º- Presentarlle ao Servizo de Festas a memoria de execución do programa de actividades e memoria económica conforme o estipulado no pacto oitavo.

12º- Calquera outra necesaria para o bo desenvolvemento do programa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º. Solicitar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local naqueles lugares que sexa necesaria a criterio dos responsables dos anteditos corpos.

2º- Conceder directamente á Agrupación de Centros deportivos e culturais Concello de Vigo, unha subvención por importe de 13.500,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao desenvolvemento do programa “Vente con Nós” 2022. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



Concello de Vigo

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES42.2080.5027.2130.4002.2883, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2022, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

- a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa,

datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Noveno.- No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Concello de Vigo

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2022 e non será prorrogábel.

Décimo sétimo.- O Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo noveno.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais,, sendo responsable do seu tratamento o Concellerío de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto.

Nas actuacións que se programen deberase dar cumprimento á lexislación vixente pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxicaderivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Vixésimo primeiro.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e capítulo cuarto da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

8(233).- RESOLUCIÓN DE RECURSO PRESENTADO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL POLO QUE SE APROBA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2021: PRAZAS DE SARXENTO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 39314/220.

Dáse conta do informe-proposta do 04/04/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria de 23/12/2021 aprobou a Oferta de Emprego Público para o ano 2021, que foi publicada no BOP de data 29/12/2021, e no DOG de 30/12/2021. Entre outras incluíanse as seguintes prazas:

SARXENTO SEIS	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO/A DE CARREIRA	4
---------------	-------------------	---------------------------	---



Concello de Vigo

CABO SEIS	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO/A DE CARREIRA	2
-----------	-------------------	------------------------------	---

II.- O 25/01/2022, o Sr. D. Marcos Lorenzo, con DNI **1167** *, interpón recurso de reposición contra a referido acordo, alegando que a totalidade das prazas ofertadas para as vacantes de cabo e sarxento de bombeiros no Servizo de Extinción de Incendios son de acceso por Promoción Interna. Solicita que se inclúan as correspondentes prazas de libre acceso en cada unha das vacantes ofertadas.

III.- O 10/02/2022, deuse traslado do recurso de reposición contra a OEP 2021 e escrito mediante o que se abre un trámite de audiencia e alegacións de 10 días aos sindicatos lexitimados para a negociación colectiva aos efectos de que, *“ao amparo do disposto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante un prazo de 10 días, e unicamente no ámbito que afecta á obriga de negociación colectiva das Ofertas de Emprego Público, formulen as alegacións pertinentes no concreto marxe sindical indicado.”*

IV.- O 14/03/2022, asinase informe proposta de resolución do recurso, dando traslado aos sindicatos lexitimados para negociar a Oferta Emprego e á xefatura do Servizo de Extinción de Incendios do mesmo aos efectos de que aleguen o que estimen oportuno.

V.- Transcorrido o prazo indicado, a xefatura do SEIS alega que *“vista a exclusión das catro prazas de sarxento para o Servizo de Bombeiros por promoción interna para o ano 2021, esta Xefatura de Bombeiros propón que sexan incorporadas para a vindeira Oferta Pública de Emprego 2022, e teñan a consideración de todas elas por quenda libre”*.

Non consta presentación de alegacións dos sindicatos.

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

I.- Constitución Española. (CE)

II.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. (TREBEP)

III.- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG)

IV.- Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común. (LPAC)

V.- - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.(LBRL)

VI.- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba el Regulamento Xeral de Ingreso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Con carácter previo, resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Lexitimación e prazo.

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

Se considera interesados a quen promove un procedemento administrativo como titulares de dereitos ou de intereses lexítimos individuais ou colectivos, así como a quen, sen haber iniciado o procedemento, teñan dereitos que resulten afectados pola resolución administrativa.

Sendo o recorrente un posible interesado, e alegando que se lle impide o acceso ao emprego público, cabe concluír que ostenta lexitimación para a interposición do recurso.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado.

Neste caso, o recorrente impugna a Oferta de Emprego Público para o ano 2021, que foi publicada no BOP de data 29/12/2021, e no DOG de 30/12/2021, interpoñendo recurso o 25/01/2022 polo tanto dentro do prazo establecido.

III.- Oferta de emprego público e a taxa de reposición de efectivos

O artigo 70 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, dispón:

1. Las necesidades de recursos humanos, con asignación presupuestaria, que deban proveerse mediante la incorporación de personal de nuevo ingreso serán objeto de la Oferta de empleo público, o a través de otro instrumento similar de gestión de la provisión de las necesidades de personal, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por cien adicional, fijan-



Concello de Vigo

do el plazo máximo para la convocatoria de los mismos. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años.

2. La Oferta de empleo público o instrumento similar, que se aprobará anualmente por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondiente.

3. La Oferta de empleo público o instrumento similar podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.

Pola súa banda a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia, en exercicio das competencias que ten atribuídas na materia, contempla no seu artigo 48, con carácter xeral, en desenvolvemento do previsto no artigo 70 do TREBEP, e polo que atinxe ás ofertas de emprego público, que:

“1. Las necesidades de recursos humanos con asignación presupuestaria que no puedan ser cubiertas con los efectivos de personal existentes, incluidas las vacantes desempeñadas por personal funcionario interino o laboral temporal, serán objeto de oferta de empleo público, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por ciento adicional, salvo que se decida su amortización, estén incursas en un procedimiento de provisión de puestos de trabajo por concurso o, en el caso del personal docente, la planificación educativa lo impida.

2. En las ofertas de empleo público se reservará un porcentaje no inferior al siete por ciento de las plazas convocadas para ser cubiertas entre personas con discapacidad, siempre que superen las pruebas selectivas y acrediten su discapacidad y la compatibilidad de esta con el desempeño de las tareas y funciones, de forma que progresivamente se alcance el dos por ciento de los efectivos totales de cada Administración pública incluida en el ámbito de aplicación de la presente ley.

La reserva del mínimo del siete por ciento se realizará de manera que, al menos el dos por ciento de las plazas ofertadas lo sea para ser cubiertas por personas que acrediten discapacidad intelectual, y el resto de las plazas ofertadas lo sea para personas que acrediten cualquier otro tipo de discapacidad.

La reserva se hará sobre el número total de las plazas incluidas en la respectiva oferta de empleo público, pudiendo concentrarse las plazas reservadas para personas con discapacidad en aquellas convocatorias que se refieran a cuerpos, escalas o categorías que se adapten mejor a las peculiaridades de las personas con discapacidad. Cuando de la aplicación de los porcentajes resulten fracciones decimales, se redondearán por exceso para su cómputo.

Si las plazas reservadas y que fueron cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzasen el porcentaje del tres por ciento de las plazas convocadas en la correspondiente oferta de empleo público, las plazas no cubiertas del número total de las reservadas se acumularán al porcentaje del siete por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del doce por ciento.

3. Las ofertas de empleo público pueden prever que las plazas reservadas para personas con discapacidad se convoquen conjuntamente con las plazas ordinarias o mediante convo-

catorias independentes, garantizándose, en todo caso, el carácter individual de los procesos selectivos. Las pruebas de los procesos objeto de convocatoria independiente tendrán el mismo contenido que las que se realicen en las convocatorias ordinarias y las personas que participen en ellas deberán acreditar el grado de discapacidad indicado. Las plazas incluidas en estas convocatorias se computarán en el porcentaje reservado en la oferta de empleo público para su cobertura entre personas con discapacidad.

4. Una vez aprobada y publicada la oferta de empleo público, los respectivos procesos selectivos se convocarán en el plazo máximo fijado en la misma. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público debe desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años, a contar a partir del día siguiente al de la publicación de aquella en el correspondiente diario oficial.

5. La oferta de empleo público podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.”

A taxa de reposición de efectivos.-

Por outra banda é importante resaltar a incidencia que nas previsións das Ofertas de Emprego Público ten a chamada **taxa de reposición de efectivos**, isto é, o nivel máximo de cobertura de vacantes por parte das administracións pública. Así o emprego público nas Administracións locais ven determinado pola taxa de reposición de efectivos -, que se introduzo en noso dereito a través das leis de orzamentos xerais do estado -LOXE-, en diferentes porcentaxes, concepto que ten como finalidade evitar o continuo incremento de efectivos nas Administracións Públicas, de modo que se establecen como máximo porcentaxes predeterminados de prazas de novo ingreso respecto das baixas definitivas globais do ano anterior.

Así, no que respecta á Oferta de Emprego Público 2021 a situación era a seguinte:

a) O concepto “taxa de reposición de efectivos”, alude ao número de prazas que quedaron vacantes e que xa existían, é dicir, a aquelas prazas que estaban cubertas de forma definitiva e cuxos titulares xa non as ocupan (xubilacións, falecementos, renuncias, excedencias, perda da condición de funcionario, extinción do contrato laboral fixo), ás cales se lle restan os empregados fixos incorporados no referido exercicio a dita administración ou organismo, sen contar as incorporacións por novo ingreso procedentes das Ofertas de Emprego Público ou reingresado que non tiveran reserva de posto.

b) Deben terse en conta as altas e as baixas producidas por concursos de traslado a outras administracións públicas; non se computa dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos, as correspondentes a persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial e a cifra resultante se lle calcula o correspondente porcentaxe. Este novo número será o máximo de prazas que poderán convocarse.

c) A os efectos de fixación da "taxa de reposición de efectivos" , non se considerarán as vacantes orixinadas en exercicios distintos do inmediatamente anterior ao da oferta de emprego público.

d) As prazas de promoción interna non computan na taxa de reposición.

e) En canto á acumulación da taxa de reposición de efectivos a nova Lei establece que as entidades locais que tiveran amortizada súa débeda financeira a 31 de decembro do



Concello de Vigo

exercicio anterior, terán un 110 por cen de taxa en todos os sectores. Igualmente poderán acumular su taxa de reposición indistintamente en calquera sector.

IV.- Límites á promoción interna

A promoción interna se configura como un dereito individual dos funcionarios públicos, recollido expresamente no artigo 14.c) do TREBEP. Agora ben, dito dereito non é absoluto e hai que poñelo en relación dos principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público. O desenvolvemento do dereito á promoción interna atópase nos artigos 18 e ss do referido corpo legal.

Pola súa banda a Lei 2/2015 de emprego de Galicia, sinala no artigo 80 "*Promoción interna vertical del personal funcionario de carrera. "1. En las convocatorias de pruebas selectivas para el acceso a la función pública, **un mínimo de un veinticinco por ciento de las plazas convocadas** se reservará para personal funcionario perteneciente a cuerpos o escalas del subgrupo o grupo de clasificación profesional, en el supuesto de que este no tenga subgrupo, inmediatamente inferior que reúna los siguientes requisitos..."*

A regulación existente na materia, non da resposta concreta á pregunta de si é necesario respectar expresamente un límite máximo de prazas a ofertar por promoción interna si a norma de aplicación non establece un máximo.

Neste punto, parece oportuno traer a colación a **Sentenza do Tribunal Supremo de 25 de xaneiro de 2006:**

"CUARTO.- Excluída, por tanto, la vigencia del artículo 134-1 del Real Decreto Legislativo en la fecha en que fue convocado el concurso-oposición y estando en vigor el artículo 22-1 de la Ley 30/84, modificado por la Ley 23/88, examinaremos a la luz de éste la legalidad de la convocatoria.

Sometido constitucionalmente el acceso a la función pública a los principios de igualdad y a los de mérito y capacidad (artículos 23-2 y 103-3 de la Constitución) la Ley mencionada ha consagrado el criterio general de que las Administraciones Públicas seleccionen a su personal a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre (artículo 19-1), pero al mismo tiempo ha ordenado que aquéllas faciliten la promoción interna, ahora sin límite legal expreso alguno, lo que llevado a su extrema consecuencia podría originar que se cerrara el acceso libre a los Cuerpos o Escalas con exigencia de titulación superior a la del certificado de escolaridad, porque todas las vacantes de aquéllas se reservasen a promoción interna, de modo que la total selección de funcionarios públicos tuviese siempre su origen en los Cuerpos o Escalas del grupo inferior, con independencia de que después, para ser promovido, sea necesario poseer la titulación exigida para integrarse en el grupo superior. Esta situación haría que el criterio legal del acceso libre quedase tan evidentemente restringido, que sin duda acabaría lesionando los principios constitucionales de mérito y capacidad. Es por eso que la eventual contradicción que podría originarse entre los artículos 19-1 y 22-1 de la Ley 30/84 debemos eliminarla mediante una racional interpretación de ambos preceptos y a la luz de los principios constitucionales. En este sentido es de notar que el criterio fundamental sobre el que se monta el sistema legal de selección del personal de las Administraciones Públicas es el de las pruebas libres, siendo éste además, el que mejor extiende, en razón de su propia amplitud subjetiva, los citados principios constitucionales de igualdad, capacidad y mérito. Esto no excluye, sin embargo, que los mismos no se respeten en los casos de promoción interna, aun cuando ésta, por propia definición, alcance a menos

sujetos. Por eso en la Ley este sistema aparece como un simple mandato dirigido a «facilitarla», nunca a sustituir plenamente a las formas ordinarias y obligadas de acceso, que son las libres. En este sentido, aunque se haya prescindido de fijar un expreso límite numérico a las vacantes susceptibles de ser reservadas a promoción interna en cada convocatoria, sin embargo la interpretación sistemática de la Ley impone que no se desconozca en absoluto el principio general de las pruebas libres de acceso, de modo que en el conjunto de las convocatorias para determinadas Escalas y Cuerpos aparezcan suficientes plazas excluidas de la promoción interna como para que pueda aceptarse que aquel principio legal ha sido debidamente respetado.

Aplicando esta doctrina al caso que nos ocupa, resulta indudable que para su debido cumplimiento al menos una de las plazas debió ser convocada en acceso libre, sin que quepa argumentar que las plazas de Administrativo en el Ayuntamiento eran cuatro, porque lo determinante para decir si se han acatado los principios indicados es el contenido de las convocatorias simultáneas para cada Cuerpo o Escala, no las realizadas con anterioridad o la eventualidad de otras que pueden tener lugar en el futuro. (...).».

V.- Aplicación ao caso concreto.

No caso que nos ocupa, temos que na Oferta de Emprego Público para o ano 2021, que foi publicada no BOP de data 29/12/2021, e no DOG de 30/12/2021 incluíanse, entre outras, as seguintes prazas:

SARXENTO SEIS	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO/A DE CARREIRA	4
CABO SEIS	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO/A DE CARREIRA	2

O 25/01/2022, o Sr. D. Marcos Lorenzo, con DNI **1167** *, interpón recurso de impugnación contra a referida Oferta de Emprego alegando que a totalidade das prazas ofertadas para as vacantes de cabo e sarxento de bombeiros no Servizo de Extinción de Incendios son de acceso por Promoción Interna, solicitando que se inclúan as correspondentes prazas de libre acceso en cada unha das vacantes ofertadas.

Logo do disposto pola Sentenza do Tribunal Supremo de 25 de xaneiro de 2006 referida no fundamento xurídico anterior de esta resolución temos que:

- A promoción interna non pode substituír ao acceso libre, que é o sistema ordinario de acceso á función pública, so pena de conculcar o dereito fundamental de igualdade, mérito e capacidade que impregna o ámbito da función pública .
- A inexistencia de limitación na norma non implica que esta non exista, xa que vai implícita no artigo 23.2. CE.
- Debe existir acceso libre na convocatoria en relación a cada Corpo ou Escala, non sendo posible cerrar o acceso libre a determinados Corpo ou Escala e eliminar a posibilidade en outros. Se trata de evitar que se peche o acceso libre aos Corpos e Escalas con esixencia de titulación superior.
- A posibilidade debe existir en cada unha das Ofertas publicadas, non podendo compensarse as Ofertas duns anos con as de outros.

En atención a todo o exposto, é preciso distinguir o caso das prazas de **Sarxento de extinción de incendios**, respecto das cales procede a estimación do recurso ao non ser posible



Concello de Vigo

a inclusión de todas as prazas de esta categoría profesional para súa cobertura por promoción interna. Elo é así porque suporía unha limitación á posibilidade do acceso libre ao subgrupo C1 (titulación de Bacharelato) de xeito que a total selección dos funcionarios de esta praza tería o orixe nos corpos e escalas do subgrupo inferior quedando limitado o acceso á praza de sarxento (subgrupo C1) por promoción interna.

Non obstante, non é posible a inclusión na Oferta de Emprego público do ano 2021 das referidas prazas por acceso libre, como solicita o recorrente, xa que de facelo así, vulneraríase a taxa de reposición de efectivos.

A conclusión é distinta para o caso de **Cabo SEIS**, pertencente ao Corpo de bombeiros, Escala de administración especial, subgrupo C2, por entender que é posible o acceso libre ás prazas de Bombeiro e Conductor-Bombeiro que ten idénticas características de corpo, escala e titulación (Corpo de bombeiros, Escala de administración especial, subgrupo C2).

VI.- Indicar que o 14/03/2022, asinase informe proposta de resolución do recurso, dando traslado aos sindicatos lexitimados para negociar a Oferta Emprego e á xefatura do Servizo de Extinción de Incendios do mesmo aos efectos de que aleguen o que estimen oportuno.

Transcorrido o prazo indicado, a xefatura do SEIS alega que “vista a exclusión das catro prazas de sarxento para o Servizo de Bombeiros por promoción interna para o ano 2021, esta Xefatura de Bombeiros propón que sexan incorporadas para a vindeira Oferta Pública de Emprego 2022, e teñan a consideración de todas elas por quenda libre”.

VII.- Fiscalización previa.

Ao non implicar gasto, o presente expediente non debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Farcendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.

b) La intervención formal de la ordenación del pago.

c) La intervención material del pago.

d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

VII.- Competencia.-

De conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas corresponde a competencia para a resolución dos recursos ao mesmo órgano que ditou o acto recorrido.

En atención a todo o exposto, visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Estimar parcialmente, en base o informe que antecede, o recurso presentado na data 25/01/2022, polo Sr. D. Marcos Lorenzo, con DNI **1167** * contra o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión extraordinaria de 23/12/2021 polo que se aproba a Oferta de Emprego Público para o ano 2021, (BOP de data 29/12/2021, e no DOG de 30/12/2021), excluindo da referida Oferta de Emprego Público as catro prazas de Sarxento de Extinción de Incendios pola quenda de promoción interna.

Segundo.- Notificar o presente ao recorrente, ao Comité de Persoal, Intervención Xeral, e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación aos efectos oportunos.

Terceiro.- Ordénase a publicación do presente recurso no BOP e no DOG.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente acordo.

9(234).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA, PARA O FINANCIAMENTO DO X CONCURSO DE CORDA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 4317/330.

Visto o informe xurídico do 25/03/2022 e o informe de fiscalización do 04/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 21/02/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

Con data da sede electrónica municipal o 11 de febreiro do 2022, a “Asociación Galega de Instrumentos de Corda” (AGIC) presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do X Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar os días 3,4,5 e 6 de decembro do 2021 (dentro do período subvencionable do exercicio económico 2022) ; por este motivo, con data 11 de febreiro do 2022, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 9.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.13 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e a promoción da música de corda en todos os seus ámbitos e en todas as súas variantes. Por este motivo, a entidade organiza dende o ano 2012 o Concurso de violín, viola e violonchelo "Cidade de Vigo", como vehículo onde os novos talentos dos instrumentos de corda fregada poidan coñecer, descubrir e amosar o nivel interpretativo requirido para a evolución das súas carreiras musicais. O ámbito do concurso ampliou nos últimos anos o seu ámbito xeográfico pasando de toda a Comunidade Autónoma Galega a toda a Península Ibérica participando instrumentistas de casi todo o territorio español (Madrid, Sevilla, Málaga, Tarragona, Guipuzcoa) e norte de Portugal.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O Concurso tivo lugar os días 3, 4, 5 e 6 de decembro do 2021 no Conservatorio Superior de Música de Vigo

O Concurso configurouse como un instrumento ao servizo dos novos músicos, por iso está dividido en diversas categorías : (categoría a) ata 12 anos, (categoría B) ata 15 anos, (categoría C) ata 18 anos e (categoría D) ata 22 anos.

O seu desenvolvemento é durante tres días. Os dous primeiros destinados ás probas eliminatorias entre os concursantes admitidos a participar. E o último día destinado á final, entre os concursantes que superen a fase preliminar.

Os premios do Concurso consistiron:

Categoría A: gañador 200 €, e un accésit, dotado con 100€.

Categoría B: gañador 300€, e un accésit, dotado con 150€.

Categoría C: gañador 400€, e un accésit, dotado con 200€

Categoría D: gañador 500€, y una accésit dotado con 250€.

Sen perxuizo disto o xurado podrá conceder calquera mención especial que considere oportunas.

Estes premios son para cada un dos instrumentos participantes.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe total de 23.531,45 € (vintetrés mil cincocentos trinta e un con corenta e cinco euros), dos que o Concello de Vigo achega 9.000 euros.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de reformulación do importe da subvención
- Memoria e orzamento da actividade
- NIE da presidenta da Asociación
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo cubrindo o período subvencionable.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA , para o financiamento do X Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar en decembro do 2021, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.



Concello de Vigo

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA ten como obxecto financiar o X Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar en decembro do 2022, figurando na aplicación **3340.480.00.13** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 9.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 9.000 € (nove mil euros) a “ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA”, CIF. G27761196, para o financiamento do X Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar os días 3,4,5 e 6 de decembro do 2021 no Conservatorio Superior de Música, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.13 “SUBVENCIÓN CONCURSO DE VIOLÍN”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. ROBERTO ALONSO UCHA, tesoureiro da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
6. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
7. A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
8. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A EMPRESA presenta poliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo que cubre o período subvencionable.
9. Cumprir estrictamente as medidas sanitarias adoptadas por mor da COVID-2019

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa subvencionado.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (9.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á EMPRESA é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN



Concello de Vigo

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro do 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.

5. Reportaxe fotográfica.

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados desde o 15 de novembro do 2021 ao 9 de novembro do 2022, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:



Concello de Vigo

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións

e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente acordo.

10(235).- REVISIÓN DE TARIFAS DO SERVIZO PÚBLICO REGULAR DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS PARA O ANO 2022. EXPTE. 3573/449.

Visto o informe xurídico do 01/04/2022 e o informe de fiscalización do 04/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 22/03/2022, asinado pola xefa do Servizo de Transportes, o xefe da Área de Investimentos e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

Primeiro.- En data 16 de setembro de 1994 o Pleno do Concello de Vigo adxudicou a Viguesa de Transportes, S.A. (en adiante VITRASA), a concesión de transporte urbano colectivo de viaxeiros por un prazo de 25 anos, prorrogables por períodos de cinco anos e ate un limite de 35 anos.



Concello de Vigo

Segundo.- En data 5 de xuño de 2020, a XGL aprobou unha prórroga deste contrato por un período de 5 anos a partir do día 8 de xuño de 2020.

Terceiro.- Na data 30 de outubro de 2020 foi presentado pola empresa Viguesa de Transportes S.L.(Vitrasa) no rexistro xeral do Concello expediente de revisión de tarifas para o ano 2021.

Cuarto.- Na data 29 de outubro de 2021 foi presentado pola empresa Viguesa de Transportes S.L.(Vitrasa) no rexistro xeral do Concello expediente de revisión de tarifas para o ano 2022.

Quinto.- Na data 23 de decembro de 2021, foi emitido informe proposta polo servizo xestor.

Sexto .- Na data 25 de xaneiro dende a asesoría xurídica do Concello de Vigo, procedese a devolución do expediente para a comprobación de dous criterios da tramitación, de acordo coa dilixencia de data 24/01/2021 da titular da asesoría xurídica e en base o contido do informe aclaratorio emitido sobre dita dilixencia con data 25/01/2022:

En base as citadas observacións e co obxecto de adecuar o informe proposta para a aprobación das tarifas do servizo público regular do transporte urbano de viaxeiros para o ano 2022, procedeuse a revisar o informe proposta de data 23/12/2021 e conforme o solicitado pola asesoría xurídica, emitiuse informe previo a nova proposta, do cal se deu traslado ao concesionario para formular as alegacións no período do tramite de audiencia concedido. Foron presentadas alegacións pola empresa Viguesa de Transportes S.L. na data 23 de febreiro de 2022, as cales son obxecto de estudo e resolución no presente informe-proposta.

II.- SOBRE AS SOLICITUDES REALIZADAS POLO CONCESIONARIO EN DATAS 30/10/2020 E 30/04/2021:

a.- Solicitud de revisión de tarifa para o ano 2021: Expediente 3242/449 sobre a solicitud de revisión de tarifa realizada con data 30/12/2020

Na data 30 de outubro de 2020 foi presentado pola empresa Viguesa de Transportes S.L. (Vitrasa) no rexistro xeral do Concello expediente de revisión de tarifas para o ano 2021. Examinada a documentación presentada comprobouse que na mesma considerase una inversión en autobuses por un importe de 5.885.080,00 € sen que se describa en toda a documentación as características nin o numero de autobuses. Polo cal con data: 12/11/2020: foi remitido a empresa concesionaria o seguinte requirimento:

REQUIRIMENTO SOLICITUDE DOCUMENTACIÓN Expediente 3242-449

Por ser imprescindible para poder analizar a solicitud de revisión de tarifas presentada REQUIRÍSELLE para que no prazo de 10 días contados a partir da recepción da presente notificación presente no rexistro xeral do Concello a seguinte documentación:

- *Proposta de adquisición de vehículos, numero dos mesmos e características de cada un deles e calquera outra información relevante para a selección deles*

- *Relación dos que van a ser substituídos.*
- *Comparativa entre os distintos tipos de vehículos mediambientalmente sostibles, especialmente entre vehículos de GNC e vehículos híbridos; vantaxes e inconvenientes de cada un deles; custe detallado dos vehículos; custe do combustible utilizado, custe de mantemento , custe das instalacións necesarias.*
- *Informe sobre as subvencións en vigor que poidan ser de aplicación a futura adquisición de vehículos.*

Con data 10/12/2020 ante a documentación recibida formulase un novo requirimento co seguinte contido:

“Recibido o seu informe con data 4 de decembro de 2020 sobre as diferentes opcións de renovación de flota, solicítase ampliación do mesmo coa seguinte información , a maior brevidade posible:

- Incorporar no estudo do vehículo híbrido os custes do modelo seleccionado, realizando o estudo económico con valores reais.
- Realizar comparativa de consumos e emisións dos vehículos actuais substituídos con vehículos propostos.
- Estimación diminución anual de consumo e emisións (simulación implantación de vehículos en liña)
- Deben aportarse fichas técnicas dos vehículos propostos.
- Debe aportarse presuposto o factura proforma onde se recolla o custe da totalidade dos vehículos
- Detallar prestacións de funcionamento solo eléctrico nos híbridos propostos (autonomía) “

Destas actuacións pódese constatar que o atraso producido para resolver a autorización de adquisición de vehículos derivou na imposibilidade de acadar unha valoración real dos vehículos a renovar, o cal entre outras causas, leva implícito a imposibilidade de establecer os cálculos de amortización e aplicación correspondente da parte que deba conformar a tarifa.

Por outra banda debemos destacar que outro dos factores determinantes para a composición da tarifa é o “Nº DE VIAXEIROS”. Este factor de acordo co apartado quinto do acordo da Xunta de Goberno local de data 21 de decembro de 2009, establece un procedemento para determinar o nº de viaxeiros aos efectos de revisión tarifaría, de acordo co seguinte criterios:

- Nº de viaxeiros aos efecto de revisión de tarifa = o **nº real de viaxeiros de pago transportados no período comprendido entre o 1 de outubro e o 30 de setembro do período inmediatamente anterior** a presentación da solicitude de revisión tarifaría incrementado en mais o en menos no porcentaxe de variación no mesmo período

Sobre este factor debese destacar o feito extraordinario producido durante o período 1 de outubro 2019 ao 1 de setembro de 2020, pola Pandemia COVID-19 e as medidas extraordinarias tomadas para xestionar a situación de crise sanitaria xerada pola dita pandemia. Esta situación provocou de maneira extraordinaria unha



Concello de Vigo

minoración drástica no número de viaxeiros, alterando substancialmente dita referencia para a realización de calquera cálculo, e sobre todo, tendo en conta a tramitación neste período da reclamación do concesionario sobre o reequilibrio pola perda de viaxeiros, que tería unha incidencia obxectiva na determinación real do número de viaxeiros. Exemplo de tal situación, é que as indemnizacións aprobadas por dita incidencia, que afectan o número de viaxeiros do período afectado para o cálculo, foron aprobadas polos acordos da Xunta de Goberno Local de data 18 de decembro de 2020 para o expediente 3078/449, e de data 30 de xuño de 2021 para o expediente 3292/449. E as mesmas non acadan a totalidade das reclamacións realizadas polo concesionario.

Como conclusión do análise dos antecedentes descritos, e tamén en relación o propio obxecto do presente informe para a aprobación da tarifa para o ano 2022, procede resolver dito expediente (3242/449) acumulando este expediente ao presente, en tanto e canto que o desenvolvemento das actuacións sobre a tarifa do ano 2021, non posibilitaron a aplicación obxectiva dos factores que conforma a tarifa, e a continuidade do servizo nos sitúa na actualidade no marco da aprobación de tarifa para o ano 2022, situando a mesma con bases obxectivas e de aplicación, polo cal ven a ratificarse a continuidade da tarifa aprobada para o ano 2019 durante o ano 2021.

b.- Solicitud de renovación de flota solicitada polo concesionario con data 30/04/2021 expte 3391/449:

Na data 30 de abril do ano 2021 a empresa Víguesa de Transportes S.L. VITRASA concesionaria do servizo de transporte colectivo urbano da cidade formula proposta de renovación de flota correspondente ao ano 2021, a cal ven a corresponderse coa distintas solicitudes de aclaración da tipoloxía dos vehículos incluídos inicialmente na solicitude de revisión de tarifa realizada con data 30/10/2020.

En relación a esta solicitude e oportuno indicar que de forma previa a esta solicitude, dende o Concello de Vigo estíbese analizando as diversas propostas que se empezaban a publicitar en relación o desenvolvemento do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia e de forma específica as posibles vías de financiamento para a renovación da flotas de vehículos para o transporte urbano. Neste ámbito debemos destacar:

- 30/12/2020. O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico lanza a unha manifestación de interese, co obxectivo de identificar o interese e o estado do sector en torno a proxectos de mobilidade eléctrica, así como os aspectos máis relevantes de ditos proxectos e actuacións. A información recopilada permitirá definir as liñas estratéxicas de actuación neste ámbito, con seus correspondentes mecanismos de financiamento u outros mecanismos de apoio, así como os parámetros técnicos que deban rexer a valoración o selección das actuacións.
- O ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, desenvolve un programa de cerca de 4.500 millóns de euros do plan de choque para a mobilidade sostible en áreas urbanas. O fin será a descarbonización da mobilidade e potenciar o transporte público, e de forma específica cara a

proxectos de transformación de flotas de transporte público de ámbito municipal propulsadas con enerxías alternativas.

- En relación a estes proxectos, se solicita a Vitrasa o estudo de alternativas vinculadas a transformación da flota con enerxías alternativas e fundamentalmente o estudo de viabilidade de electrificación da flota.
- No mes de abril (22/04/2021) o Concello de Vigo participa nunha reunión convocada pola FEMP e o MITMA na que entre outros temas tratouse dos fundamentos dos proxectos de axudas do MITMA en relación as posibles axudas a os Concellos para a transformación das flotas de vehículos do transporte urbano.

Dentro deste marco de traballo, e posteriormente a documentación presentada por Vitrasa na data 30/04/2021, continúan as seguintes actuacións sobre as xestións iniciadas en relación a valorar calquera opción de solicitude de axudas europeas:

- En xuño de 2021 Vitrasa entrega ao Concello de Vigo datos para valorar a posibilidade de afrontar a electrificación da liña C1, o cal levaría implícita a adquisición de 5 vehículos eléctricos 100%. No mes de xullo actualízase e fundamentase a posible viabilidade desta proposta.
- Na data 23/08/2021, o MITMA publica as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se aproba e publica a convocatoria correspondente ao exercicio 2021 que se pecho na data 30/09/2021.

A finais do mes de setembro o Concello de Vigo non presenta ningunha solicitude de axudas nesta convocatoria para a transformación da flota de vehículos de transporte considerando que a proposta máis adecuada, debido as dúbidas sobre a eficiencia dos vehículos eléctricos na orografía e condicións climatolóxicas da cidade, e a incorporación ao servizo de transporte da cidade de vehículos híbridos.

c.- Como consecuencia de todas estas actuacións o Concesionario con data 29 de outubro de 2021, presenta un novo expediente de revisión de tarifas para o ano 2022, que leva implícita a proposta de renovación de flota incorporando vehículos híbridos como medida para a transición e transformación da flota cara a vehículos sostibles. Dita proposta é a que se somete a estudo no expediente de referencia (3573/449), no cal procedese a conformar a proposta de adquisición de vehículos formulada pola empresa concesionaria para a renovación da flota, e recolléndose na proposta de revisión de tarifas o sistema de amortización dos mesmos de conformidade co disposto no prego de condicións que rexe a concesión, o acordo de prorroga e a oferta presentada.

En relación as obrigas de renovación dos vehículos de máis de 12 anos, debese indicar que as dificultades provocadas pola Pandemia COVID-19, así como a continuidade do modelo tarifario do ano 2019 até o 2021 e todos os antecedentes descritos, imposibilitou executar no ano 2021 a previsión de adquisición de vehículos



Concello de Vigo

contemplada no acordo de prorroga. Neste sentido e importante destacar as seguintes condicións:

a.- O acordo da prórroga do contrato de concesión do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo -expte. 3080/449- en relación a inversión para a renovación da flota establece os seguintes condicionantes:

c) *Inversión en material móbil (vehículos):*

- *Inversión en material móbil pendente de amortizar a 31/12/2019: 13.762.472,45 €*
- *Cota de amortización pendente para 2020: 1.864.427,01.*
- *Tipo de interese aplicable para a recuperación da inversión que se faga durante a prórroga: Será o tipo de interese vixente no mercado financeiro e de capital, determinado por acordo entre as partes co limite do 8%*
- *Gastos financeiros en 2020 da inversión pendente de amortizar: 1.100.997,80 €.*
- *Inversión nova **prevista** por anualidade:*

<i>Ano</i>	<i>Unidades novas</i>
<i>2020</i>	<i>0</i>
<i>2021</i>	<i>31</i>
<i>2022</i>	<i>20</i>
<i>2023</i>	<i>5</i>
<i>2024</i>	<i>16</i>
<i>2025</i>	<i>0</i>

A data de finalización da prorroga, o material móbil pendentes de amortizar, de conformidade co disposto na cláusula 58 do prego de condicións que rexe a concesión poderá ser adquirido polo Concello o ben determinar que o mesmo sexa adquirido polo novo concesionario, mediante a inclusión da correspondente cláusula no prego de condicións que se elabore, o quedar en poder do concesionario.

O prezo das novas unidades dependerá do modelo e a tecnoloxía (GNC, eléctrico, híbrido ou diésel Euro VI

Como se desprende deste acordo, a identificación das unidades novas e unha **previsión** que se corresponde coa condición de substituír por vehículos novos aqueles de “doce anos” de vida (23.12 e apartado 3.1.6 do Anexo técnico). Así mesmo debese destacar que a substitución dos vehículos debe ser “aceptada” polo Concello de Vigo unha vez presentadas polo Concesionario as correspondentes memorias técnicas e a determinación do prezo das novas unidades que conformará unha parte indivisible da conformación da tarifa.

En base a estes antecedentes e os condicionantes contractuais a proposta que se formula no presente expediente 3573/449 para a revisión de tarifas para o ano 2022,

vense a propoñer a adquisición dos vehículos que o Servizo considera necesarios en base as necesidades técnicas dos mesmos e a propia solicitude de concesionario.

Esta proposta xustifica no punto “b.9.-Repercusión material móbil”, a previsión actualizada para a renovación da flota na fase da prorroga, xustificando as incidencias e condicionantes desta.

Así mesmo, en relación o número de unidades, no mesmo informe identificase que respecto a previsión indicada no acordo de prorroga de 31 vehículos para a primeira previsión de renovación, dous de estes vehículos non deben de incluírse por non formar parte dos vehículos que conforman o plan de amortización e conformación da tarifa. O vehículo correspondente ao PMR correspóndese con unha das melloras ofertadas polo adxudicatario e como tal non procede a súa renovación no ámbito da amortización económica por tarifa, e o vehículo turístico, correspóndese a unha modificación posterior do contrato (expte 1421-104) e o mesmo non se atopa dentro da amortización pola tarifa xeral.

A vista da obrigada minoración destes dous vehículos para o plan de amortización e conformación de tarifa, o presente informe, propón autorizar a adquisición dun total de 49 vehículos, adecuando a temporalidade desta adquisición ao período (29 unidades en xuño do 2022, e 20 unidades en xaneiro do 2023); e así mesmo desenvolve a previsión de 19 vehículos no ano 2024 e de 2 vehículos no ano 2025, o cal se adecúa as previsión establecidas no acordo da prorroga do contrato.

Conclusión: A proposta contida no presente expediente 3573/449, contempla o cumprimento da contido do apartado 23.12 e apartado 3.1.6 do Anexo técnico, do prego de condicións que rexe a concesión, xa que unha vez executado o mesmo todos os vehículos de mais de 12 anos serán substituídos e a vida media da flota será en xuño de 2022 de 6,40 anos de media e en xaneiro do 2023 será de 4,46 anos de vida media. E en relación a situación transitoria ata a autorización e posta en funcionamento dos novos vehículos, debese destacar que o concesionario, tal como reitera na presente solicitude de revisión de tarifa, procedeu a realización dun proceso extraordinario de revisión dos vehículos afectados por esta condición, emitindo con data do 30/04/2021 informe específico que conclúe: “... que a flota mencionada está en condicións de seguridade para circular ata a chegada dos novos vehículos solicitados”.

Así mesmo do análise dos antecedentes descritos, e tamén en relación o propio obxecto do presente informe para a aprobación da tarifa para o ano 2022, procede resolver a solicitude realizada por Vitrasa con data 30/04/2021 en relación a renovación da flota, acumulando a mesma a proposta de aprobación de tarifa para o ano 2022, en tanto e canto que o desenvolvemento das actuacións sobre a adquisición de vehículos queda regulada no marco da aprobación de tarifa para o ano 2022, situando a mesma con bases obxectivas e de aplicación.

III.- INFORME PARA A REVISIÓN DA TARIFA DE APLICACIÓN PARA O ANO 2022

A entidade mercantil “Viguesa de Transportes , S.L.” (Vitrasa), na data 29 de outubro de 2021 presenta expediente de revisión da tarifa e do prezo do coche/qm do servizo público



Concello de Vigo

regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral de Vigo para o ano 2022, de conformidade co establecido no artigo 62 do Prego de condicións económico-administrativo que rexeu o concurso para a concesión do servizo, achegando á solicitude memoria e estudio económico.

Presenta a seguinte proposta de revisión de tarifas para o ano 2022 :

*** billete ordinario 1,54 €/viaxeiro
*** prezo coche/qm 5,7959 €/qm

a) TARIFAS VIXENTES:

A última tarifa foi aprobada por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro de 2018 de aplicación ao ano 2019 de acordo cos seguintes importes:

billete ordinario..... 1,35 €
prezo coche/qm..... 5,2454 €

E mantendo os prezos para os bonos, nas seguintes contías:

bono bus normal	0,89 €
bono bus estudante	0,89 €
bono bus pensionista I	gratuíto
bono bus pensionista II	gratuíto
bono bus universitario	0,67 €
bono bus persoas mobilidade reducida que utilicen cadeira de rodas e o seu acompañante	gratuíto
Bono social	0,69 €

b) INFORME DO SERVIZO PARA O CALCULO DA TARIFA PARA O ANO 2022

Examinada a documentación aportada pola empresa solicitante informase o seguinte :

A empresa Viguesa de Transportes S.L. (VITRASA), concesionaria do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade por acordo do Pleno da Corporación de data 16 de setembro de 1994, concesión prorrogada por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de xuño de 2020 por un período de cinco anos, presenta expediente de revisión de tarifas, de conformidade co previsto no artigo 62 do Prego de condicións que rexe a concesión.

A empresa concesionaria presenta memoria e estudio económico xustificativo das tarifas que propón para o ano 2022.

Formula a seguinte proposta:

*** billete ordinario 1,54 €/viaxeiro
*** prezo coche/qm 5,7959 €/qm

A vista do solicitude e da documentación aportada, procedese ao estudo da proposta, de conformidade coa estrutura tarifaria incluída no prego de condicións que rexe a concesión , así como a oferta presentada e os acordos adoptados durante o período concesional .

De conformidade co Prego de condicións que rexe a concesión e coa oferta adxudicataria, a tarifa ten a seguinte estrutura:

- I Custo unitario
- II Repercusión material móbil
- III Repercusión terreos e instalacións
- IV Ingresos por publicidade (a deducir)

b.1.- CUSTO UNITARIO

O custo unitario revísase aplicando ó valor do coeficiente de revisión Kt, que resulta da fórmula polinómica de revisión fixada no Prego de condicións, ao valor do custo unitario da adxudicación.

Formula:

$$K_t = a \times \frac{H_t}{H_0} + b \times \frac{C_{vt}}{C_{v0}} + (c+d) \times \frac{IP_{ct}}{IP_{c0}} + e$$

Factor man de obra	H ₀	11.482,04 €	H _t	27.150,58 €
Factor combustible vehículos	C _{v0}	0,509 €	C _{vt}	1,204 €
Índice xeral presos consumo	IPC ₀		IPC _t	1,816

"a" =	0,6295
"b" =	0,1196
"c" =	0,0296
"d" =	0,1613
"e" =	0,0600

Os valores do momento "t" de revisión, xustifícanse:

- H_t polo Convenio Provincial do sector do transporte.
- C_t polo prezo medio nacional do Gasóleo A publicado pola Subdirección xeral de hidrocarburos do Ministerio de Ciencia e tecnoloxía.
- IP_{ct} polo certificado do I.N.E.

b.2.- Factor man de obra.

A empresa propón como factor man de obra a cantidade de 28.453,81 €. manifestando que o Convenio de Transportes da provincia de Pontevedra esta vencido dende o pasado 31 de decembro de 2020, polo que habendo incrementos importantes nos custes laborais de Vitrasa, se incorpora unha subida previsible do IPC estimado para este exercicio 2021 que segundo as recentes estimacións de Funcas se cifra nun 4,8 % no presente ano.



Concello de Vigo

De conformidade co disposto no prego de condicións que rexe a concesión e a oferta presentada pola empresa concesionaria, en relación ao Convenio de transporte de viaxeiros por estrada da provincia de Pontevedra, o valor da man de obra revisarase en función do Convenio Provincial de Pontevedra do Sector do Transportes, correspondente a un traballador con categoría laboral de condutor, supoñendo constante o número de horas traballadas, tendo en conta os custes da seguridade social e outras cargas que corresponda pagar a empresa.

O Convenio de transporte de viaxeiros por estrada da provincia de Pontevedra vixente, e o aprobado o 5 de outubro de 2018 e publicado no B.O.P.P. de data 23 de outubro de 2018 e a última táboa salarial aprobada en relación co citado convenio correspóndese coa publicada no BOPP do 2 de setembro de 2020.

A última revisión de prezos indicou como referencia para o cálculo do factor da man de obra a cantidade de 25.905,53 € (custes dun traballador tipo con categoría laboral de condutor). Este dato atopase referenciado a táboa salarial para o ano 2018 vixente no seu momento. Para o cálculo da tarifa de aplicación ao ano 2022, débese atender que de acordo ao indicado na cláusula 62 do PCEA e PT, os índices deben de corresponderse cos seguintes valores:

a) índice de base identificados co subíndice “0”, o cal se corresponde ao valor de inicio da concesión.

b) índice identificado co subíndice “t”. que se corresponde co custe da referencia da man de obra vixente no momento da aplicación da fórmula – Custe de convenio vixente na actualidade -.

Para este cálculo se terán en conta os seguintes datos:

- Táboa salarial do CONVENIO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA para o ano 2019 (BOPPO 27/05/2019), cun incremento do 2.2 % sobre as táboas do ano 2018. (se achega copia)
- Táboa salarial do CONVENIO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA para o ano 2020 (BOPPO 02/09/2020), cun incremento do 2.55 % sobre as táboas do ano 2018. (se achega copia)

Incremento da referencia do factor da man de obra para o cálculo da tarifa para o ano 2022:

	Táboa salarial	Incremento convenio transporte de viaxeiros por estrada da provincia de Pontevedra	Referencia para cálculo Kt
Tarifa 2018	2017		25.497,57 €
Tarifa 2019	2018	1,60%	25.905,53 €
Tarifa 2020	2019	2,20%	26.475,45 €
Tarifa 2021	2020	2,55%	27.150,58 €
Tarifa 2022	2021	0,00%	27.150,58 €



Concello de Vigo

<https://energia.gob.es/petroleo/Informes/InformesMensuales/Paginas/InformesMensuales.aspx>

Mes	Céntimos / litro	Mes	Céntimos / litro	Mes	Céntimos / litro
sep-18	124,64 cts €	sep-19	121,51 cts €	sep-20	103,91 cts €
oct-18	127,64 cts €	oct-19	121,45 cts €	oct-20	102,69 cts €
nov-18	124,42 cts €	nov-19	121,54 cts €	nov-20	102,76 cts €
dic-18	115,71 cts €	dic-19	122,66 cts €	dic-20	106,49 cts €
ene-19	115,81 cts €	ene-20	124,09 cts €	ene-21	109,69 cts €
feb-19	120,36 cts €	feb-20	120,27 cts €	feb-21	114,00 cts €
mar-19	122,85 cts €	mar-20	111,28 cts €	mar-21	118,38 cts €
abr-19	124,47 cts €	abr-20	101,83 cts €	abr-21	118,18 cts €
may-19	125,78 cts €	may-20	98,97 cts €	may-21	120,61 cts €
jun-19	120,74 cts €	jun-20	102,37 cts €	jun-21	123,55 cts €
jul-19	121,04 cts €	jul-20	105,77 cts €	jul-21	126,37 cts €
ago-19	120,40 cts €	ago-20	106,03 cts €	ago-21	126,45 cts €

Media setembro 2018 – agosto 2021 = 1,165 € x factor corrector 1,033 = **1,204 €**

b.4.- Factor I.P.C

A empresa VITRASA propón o criterio que se aplica nos últimos anos consistente en considerar a variación de prezos dende xuño de 1994 ata o último agosto (2021) e onde xa se recollen os cambios de base e que é un 1,816 %

English

INE Instituto Nacional de Estadística

Escriba el texto para buscar

Censo Electoral Sede electrónica Compartir

Productos y Servicios / Cálcul... / ¿Cuánto ha variado el IPC desde...?

Tabla

Cálculo de variaciones del Índice de Precios de Consumo (sistema IPC base 2016)

Variación del Índice General Nacional según el sistema IPC base 2016 desde **Junio de 1994 hasta Agosto de 2021**

Índice	Porcentaje(%)
Nacional	81,6

El método utilizado para el cálculo de las tasas de variación del IPC se describe en la metodología Preguntas frecuentes sobre el IPC

Contacto Mapa web

El INE Organización Estadística en España Calidad y Código de buenas prácticas

Formación y empleo Prácticas universitarias

IPC en un clic Atención al público Publicaciones

Síguenos Twitter

b.5.- CALCULO DO FACTOR KT

$$KT = 0.6295 \times \frac{27.150,58}{1,204} + 0.1196 \times \dots + (0.0296 + 0.1613) \times 1,816 + 0,06$$

11.482,04

0.509

KT= 2,1781

b.6- CALCULO DO CUSTE UNITARIO

- prezo unitario billete ordinario $0,4928 \times 2,1781 = 1,0734 \text{ €}$
- custo unitario coche / quilómetro $1,9884 \times 2,1781 = 4,3309 \text{ €}$

No calculo dos prezos inciden ademais os seguintes parámetros :

b.7.- Nº DE VIAXEIROS:

En primeiro lugar debemos atender a que o apartado quinto do acordo da Xunta de Goberno local de data 21 de decembro de 2009, establece un procedemento para determinar o nº de viaxeiros aos efectos de revisión tarifaría, de acordo co seguinte criterios:

- Nº de viaxeiros aos efectos de revisión de tarifa = o nº real de viaxeiros de pago transportados no período comprendido entre o 1 de outubro e o 30 de setembro do período inmediatamente anterior a presentación da solicitude de revisión tarifaría incrementado en máis o en menos no porcentaxe de variación no mesmo período.

En relación a este criterio débese indicar:

- Viaxeiros do 01/10/2019 o 30/09/2020: 13.950.358
- Viaxeiros do 01/10/2020 o 30/09/2021: 12.844.147
- Variación: -7,90 %
- Do que resultaría para o ano 2022: $12.844.908 - 7,90 \% = 11.833.021$

A empresa concesionaria propón como previsibles para a próximo ano: 15.463.453 viaxeiros, mantendo como criterios a realización dunha estimación que supón unha previsión de recuperación dos viaxeiros do ano 2019 (anterior a Pandemia COVID 19) nun 75% dos viaxeiros do ano 2019.

É obvio que os datos de viaxeiros dos períodos de referencia indicados anteriormente, responden a valores distorsionados polos efectos reiterados da Pandemia COVID-19. Neste sentido realizar un calculo sobre o criterio vixente de estimar un valor igual "o nº real de viaxeiros de pago transportados no período comprendido entre o 1 de outubro e o 30 de setembro do período inmediatamente anterior a presentación da solicitude de revisión tarifaría", reflicte un dato moi distorsionado, cunha minoración dun 7,9 %, polo cal esta situación tan extraordinaria debe de ser tida en conta, e estudar a evolución real para realizar unha valoración adecuada sobre os viaxeiros de aplicación para o ano no cal se pretende realizar a valoración de tarifa.

En base a este criterio dende o servizo de transportes, procedeuse a realizar una estimación da evolución dos datos tal como se reflexa nos seguintes cadros:

Viaxeiros no ano 2019 – viaxeiros reais de pago		20.617.937
Viaxeiros no ano 2020 – viaxeiros reais de pago		11.735.974
Medias mes de agosto 2021/2019	Lab	67,06%



Concello de Vigo

	Fest	56,00%
	Tot	66,00%
Medias mes de setembro 2021/2019	Lab	70,60%
	Fest	70,50%
	Tot	72,80%
Medias mes de outubro 2021/2019	Lab	71,03%
	Fest	68,70%
	Tot	65,89%

Os datos reais de viaxeiros do ano 2021, pendente da liquidación final a realizar coa facturación do mes de xaneiro e dun (63,93 % respecto os 13.180.393 datos do ano 2019)

Do análise deste datos pódese concluír que de acordo coa tendencia real do ultimo trimestre do ano 2021, debese corrixir un pouco a previsión de tendencia entre os dous períodos xa que todos os datos indican que no ano 2022 deberá preverse una maior estabilización no número de viaxeiros, polo cal se estima o seguinte calculo respecto os porcentaxes de crecemento reais dos últimos meses do ano 2021

Estimación para os viaxeiros de pago no ano 2022 en relación 2019	78,00%
2019	20.617.937
2022	16.081.991

A proposta de viaxeiros para o períodos 2022 representa pois un crecemento de:

- Viaxeiros do 01/10/2020 o 30/09/2021: 12.844.147
- Variación: 25,1697%
- Estimación para o ano 2022: 12.844.908 + 25,1697 % = 16.081.991

b.8.- Nº DE QUILÓMETROS

A empresa concesionaria propón como numero de quilómetros que debe utilizarse como denominador no calculo da repercusión da amortización do material móbil, terreos e instalacións e publicidade, 5.591.682 quilómetros,

En relación a determinar una estimación de Qm a realizar durante o ano 2022, debemos indicar que o acordo de prorroga do contrato establece de forma xeral que: "As condicións da prorroga que se propón serán as mesmas vixentes na actualidade..."

En base a esta condición debemos realizar o seguinte análise dos QM realizados dentro das obrigas de "risco e ventura" durante a concesión:

2010	6.733.617,00
2011	6.825.740,00

2012	6.682.976,00
2013	6.837.280,00
2014	6.609.747,00
2015	6.612.167,00
2016	6.650.392,00
2017	6.615.559,00
2018	6.629.070,00
2019	6.618.551,00

No ano 2020 prodúcese unha minoración na execución de Qm derivado das medidas tomadas en relación ao COVID 19, resultando un total de 5.844.686 Qm.

Os datos provisionais do peche do ano 2021 reflicten un dato de 5.919.936 Qm, pendentes do peche final do exercicio 2021.

O datos empregados para o calculo responde ao igual que no número de viaxeiros a necesidade de equilibrar un valor distorsionado polos efectos reiterados da Pandemia COVID-19. Esta situación tan extraordinaria levou a que a referencia de quilómetros realizados no ano anterior a solicitude, 2020 (5.844.686) no teñan un valor real para o calculo, e polo tanto dende o servizo procedese a analizar a evolución real dos últimos 10 anos e tendo en conta os datos dos anos 2020 e a previsión que no momento do informe se recollía como previsión para finalizar o ano 2021, se fai unha estimación coa suficiente prudencia para o ano 2022, estimándoa na proposta realizada de 6.250.000

A vista destes datos a estimación de QM para o ano 2022 deberá atender a 6.250.000 Qm.

b.9.- REPERCUSIÓN MATERIAL MÓBIL

Este concepto fórmase pola amortización correspondente ó ano de revisión, máis os gastos financeiros da inversión pendente de amortizar.

Na amortización correspondente a o ano 2022 debe distinguirse :

- A) a amortización correspondente aos vehículos incorporados ao servizo ate a data.
- B) a amortización correspondente aos vehículos que entraran en servizo no ano 2022.

b.9.1.- Inversións en material móbil (vehículos) 1995-2019.

Do expediente da prorroga do contrato desprendese o seguinte estado de amortización a 31/12/2019.

No cadro seguinte reflíctese o importe das inversións e das amortizacións realizadas ao longo do período concesional (1995/2019), e por diferenza, o importe das inversións pendente de amortizar.

Exercicio	Inversión do exercicio	Inversión acumulada	Amortización do exercicio	Amortización acumulada	Investimentos pendentes de amortizar a 31/12
1995	7.901.909,41	7.901.909,41	0,00	0,00	7.901.909,41
1996	0,00	7.901.909,41	583.284,24	583.284,24	7.318.625,17



Concello de Vigo

Exercicio	Inversión do exercicio	Inversión acumulada	Amortización do exercicio	Amortización acumulada	Investimentos pendentes de amortizar a 31/12
1997	0,00	7.901.909,41	604.174,65	1.187.458,89	6.714.450,52
1998	3.193.742,26	11.095.651,67	689.338,68	1.876.797,57	9.218.854,10
1999	0,00	11.095.651,67	712.236,88	2.589.034,45	8.506.617,22
2000	2.740.615,20	13.836.266,87	875.761,48	3.464.795,93	10.371.470,94
2001	1.437.620,95	15.273.887,82	1.056.947,37	4.521.743,30	10.752.144,52
2002	0,00	15.273.887,82	1.124.839,71	5.646.583,01	9.627.304,81
2003	1.162.248,50	16.436.136,32	1.226.238,63	6.872.821,64	9.563.314,68
2004	2.206.900,00	18.643.036,32	1.329.803,30	8.202.624,94	10.440.411,38
2005	2.104.400,00	20.747.436,32	1.598.108,27	9.800.733,21	10.946.703,11
2006	2.003.262,00	22.750.698,32	1.962.800,35	11.763.533,56	10.987.164,76
2007	3.279.050,00	26.029.748,32	1.329.808,55	13.093.342,11	12.936.406,21
2008	3.221.913,00	29.251.661,32	1.707.786,38	14.801.128,49	14.450.532,83
2009	0,00	29.251.661,32	1.675.374,27	16.476.502,76	12.775.158,56
2010	4.217.756,82	33.469.418,14	1.851.099,24	18.327.602,00	15.141.816,14
2011	880.808,43	34.350.226,57	1.966.734,32	20.294.336,32	14.055.890,25
2012	3.827.938,00	38.178.164,57	1.711.014,10	22.005.350,42	16.172.814,15
2013	0,00	38.178.164,57	1.940.546,80	23.945.897,22	14.232.267,35
2014	0,00	38.178.164,57	1.938.324,98	25.884.222,20	12.293.942,37
2015	3.471.104,40	41.649.268,97	2.096.988,54	27.981.210,74	13.668.058,23
2016	3.652.600,00	45.301.868,97	2.186.958,28	30.168.169,02	15.133.699,96
2017	5.947.305,76	51.249.174,73	2.529.231,68	32.697.400,69	18.551.774,04
2018	0,00	51.249.174,73	2.526.813,27	35.224.213,96	16.024.960,77
2019	0,00	51.249.174,73	2.262.488,25	37.486.702,21	13.762.472,52
Total	51.249.174,73		37.486.702,21		

Así mesmo o seguinte cadro recolle a evolución teórica correspondente ao investimento dos:
51.249.174,73 €

Ano	Inversión anual	Inversión acumulada	Amortización teórica	amortización real	amortización acumulada	inversión pendente de amortizar
1995	7.901.909,41	7.901.909,41	0,00	0,00	0,00	7.901.909,41
1996	0,00	7.901.909,41	616.960,92	583.284,24	583.284,24	7.318.625,17
1997	0,00	7.901.909,41	635.469,75	604.174,65	1.187.458,89	6.714.450,52
1998	3.193.742,26	11.095.651,67	785.805,86	689.338,68	1.876.797,57	9.218.854,10
1999	0,00	11.095.651,67	905.958,73	712.236,88	2.589.034,45	8.506.617,22
2000	2.740.615,20	13.836.266,87	1.012.054,65	875.761,48	3.464.795,93	10.371.470,94
2001	1.437.620,95	15.273.887,82	1.200.185,20	1.056.947,37	4.521.743,30	10.752.144,52
2002	0,00	15.273.887,82	1.299.172,09	1.124.839,71	5.646.583,01	9.627.304,81
2003	1.162.248,50	16.436.136,32	1.351.796,33	1.226.238,63	6.872.821,64	9.563.314,68
2004	2.206.900,00	18.643.036,32	1.488.560,09	1.329.803,30	8.202.624,94	10.440.411,38
2005	2.104.400,00	20.747.436,32	1.691.403,51	1.598.108,27	9.800.733,21	10.946.703,11
2006	2.003.262,00	22.750.698,32	1.869.419,64	1.962.800,35	11.763.533,56	10.987.164,76
2007	3.279.050,00	26.029.748,32	1.313.142,96	1.329.808,55	13.093.342,11	12.936.406,21

Ano	Inversión anual	Inversión acumulada	Amortización teórica	amortización real	amortización acumulada	inversión pendiente de amortizar
2008	3.221.913,00	29.251.661,32	1.718.381,72	1.707.786,38	14.801.128,49	14.450.532,83
2009	0,00	29.251.661,32	1.769.933,17	1.675.374,27	16.476.502,76	12.775.158,56
2010	4.217.756,82	33.469.418,14	1.893.138,82	1.851.099,24	18.327.602,00	15.141.816,14
2011	880.808,43	34.350.226,57	1.888.692,72	1.966.734,32	20.294.336,32	14.055.890,25
2012	3.827.938,00	38.178.164,57	1.881.351,40	1.711.014,10	22.005.350,42	16.172.814,15
2013	0,00	38.178.164,57	1.943.015,84	1.940.546,80	23.945.897,22	14.232.267,35
2014	0,00	38.178.164,57	1.938.324,98	1.938.324,98	25.884.222,20	12.293.942,37
2015	3.471.104,40	41.649.268,97	2.075.683,96	2.096.988,54	27.981.210,74	13.668.058,23
2016	3.652.600,00	45.301.868,97	2.186.958,28	2.186.958,28	30.168.169,02	15.133.699,95
2017	5.947.305,76	51.249.174,73	2.517.325,59	2.529.231,68	32.697.400,70	18.551.774,03
2018		51.249.174,73	2.512.883,93	2.526.813,27	35.224.213,97	16.024.960,76
2019		51.249.174,73	2.248.240,02	2.262.488,25	37.486.702,22	13.762.472,51
	51.249.174,73		38.743.860,16		37.486.702,22	13.762.472,51
2020		51.249.174,73	1.853.185,36	1.829.015,49	39.315.717,71	11.933.457,03
2021		51.249.174,73	1.908.780,92	1.908.780,92	41.224.498,63	10.024.676,10
2022		51.249.174,73	1.542.319,70	1.542.319,70	42.766.818,33	8.482.356,40
2023		51.249.174,73	1.526.826,61	1.526.826,61	44.293.644,94	6.955.529,79
2024		51.249.174,73	1.360.659,76	1.360.659,76	45.654.304,70	5.594.870,03
2025		51.249.174,73	1.195.358,11	1.195.358,11	46.849.662,80	4.399.511,93
2026		51.249.174,73	1.231.218,85	1.231.218,85	48.080.881,65	3.168.293,08
2027		51.249.174,73	1.036.296,52	1.036.296,52	49.117.178,17	2.131.996,56
2028		51.249.174,73	746.386,75	746.386,75	49.863.564,92	1.385.609,81
2029		51.249.174,73	104.281,99	104.281,99	49.967.846,92	1.281.327,81
			12.505.314,57			
			51.249.174,73		-1.281.327,81	

Cálculos do importe teórico A+F para aplicación a tarifa durante o período da prorroga, partindo dos 13,762,472,51 €, pendentes de amortizar a 31/12/2019.

	Amortización teórica período prorroga	Inversión pendiente de amortizar	Intereses inversión no amortizada (8%)	Importe A + F para aplicación a tarifa
		13.762.472,51		
2020	1.853.185,36	11.933.457,03	1.100.997,80	2.954.183,16
2021	1.908.780,92	10.024.676,10	954.676,56	2.863.457,48
2022	1.542.319,70	8.482.356,40	801.974,09	2.344.293,79
2023	1.526.826,61	6.955.529,79	678.588,51	2.205.415,12
2024	1.360.659,76	5.594.870,03	556.442,38	1.917.102,14
2025	1.195.358,11	4.399.511,93	447.589,60	1.642.947,71



Concello de Vigo

Os datos indicados na táboa anterior identifican o importe que corresponde a cada anualidade para repercutir no calculo da tarifa por viaxe e no custe coche/Qm.

Sobre estes datos indicar que para o ano 2022 serán de aplicación:

Inversión pendente de amortizar:	10.024.676,10 €
Intereses sobre capital pendente amortizar (8%):	801.974,09 €
Cota de Amortización para o ano 2022:	1.542.319,70 €
Importe TOTAL (A+F) para aplicación en tarifa:	2.344.293,79 €

En relación co importe TOTAL para aplicar a tarifa correspondente ao ano 2022, procede indicar que existe unha diferenza importante en relación a proposta exposta pola concesionaria no seu informe na cal identifica un importe de 3.550.205,51 €.

A diferenza coa proposta que se realiza neste informe ascende a 1.205.911,72 €, importe correspondente a parte da amortización non recuperada sobre os investimentos realizados para o material móbil, e de forma especifica se corresponde a diferenza real sobre os datos aplicados pola Concesionaria no seu estudo (ver cadro "2 Material móbil período concesional 1995/2020 na paxina 5 do anexo "i", da documentación da solicitude de revisión de tarifa). Nesta cadro se aprecia que a cota de amortización aplicada para o período 2020/2025 non se corresponde cos datos do cadro de amortización teórica de aplicación. Esta aplicación errónea provoca o diferencial indicado.

Dito importe non pode ser aplicado de forma anticipada debendo resolverse no proceso de liquidación do contrato unha vez finalizado o período da prorroga. Sobre este criterio debemos facer referencia a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo de data 5 de xuño de 2012. Así mesmo indicar que a cláusula 58 do PCEAPT establece que " .. O cumprimento do prazo establecido e das prorrogas que, no seu caso, se concedesen, o Concello de Vigo poderá adquirir, todo o parte del material móbil, afecto ao servizo, que se encontre total o parcialmente pendente de amortización, o ben determinar que o mesmo sexa adquirido polo novo concesionario, mediante a inclusión da correspondente cláusula no prego de condicións que a tal fin elabore. Tamén poderá determinar que o devandito material quede no poder do concesionario"

Polo exposto e de acordo cos criterios reiterados en todos os expedientes de revisión de prezos, os cálculos realízanse sobre o importe de amortización teórica da totalidade dos investimentos recoñecidos.

Así mesmos debese indicar que os datos do ano 2020 se atopan pechados en relación os viaxeiros e polo tanto o importe de amortización real corresponde co seguinte calculo:

Amortización real por tarifa

Ingreso de tarifa para A+F de Flota	nº de viaxeiros de pago reais 2020	Nº de Viaxeiros por Indemnización 21/12/2020	Nº de Viaxeiros por Indemnización 02/07/2021	Total viaxeiros 2020 aplicación amortización flota	Cuota de tarifa para amortización flota s/IVE
2.930.013,29 €	11.735.974	1.788.449	2.853.516	16.377.939	0,1789 €

En relación a todos os datos expostos, desprendese o seguinte dato de amortización en relación ao ano 2020:

Importe real do ingreso de tarifa para A+ F da flota:	2.930.013,29 €.
Importe teórico de tarifa para A+ F da flota:	2.954.183,16 €.
Diferencial sobre a amortización ano 2020:	-24.169,87 €.

b.9.2.- Cadro de novos investimentos a realizar dentro do período de prorrogación (2020/2025):

A previsión de renovación da flota de vehículos atopase definida nos apartados da cláusula 23 do PCEAPT, e de forma específica a 23,12.c) que indica que deberán ser retirados en calquera momento, durante a vixencia do contrato os vehículos de DOCE ANOS de vida, debendo substituílos por outros novos.

O expediente da prorrogación do contrato recolle en relación a inversión en material móbil a seguinte previsión de novos investimentos:

Ano	Unidades novas	Ano	Unidades novas
2020	0	2023	5
2021	31	2024	16
2022	20	2025	0

b.9.3.- Planificación para o período 2021/2025, dos investimentos en vehículos novos:

De acordo coa documentación presentada polo concesionario en relación a renovación da flota (tipoloxía de vehículos, valoración económica dos modelos propostos) procede establecer a seguinte planificación, tendo en conta a proposta do concesionario para axustar o número e tipoloxía dos vehículos na primeira renovación por estimarse necesaria para a operativa e necesidades do servizo.

	Tipo vehículo	Inicial	Proposta	Orzamento (*)	Importe total	Posta en servizo
Año 2022	10 m	4	1	280.200,00	280.200,00	Mes (6)
	12 m	21	22	388.000,00	8.536.000,00	Mes (6)
	18 m	4	6	384.000,00	2.304.000,00	Mes (6)
	Turístico (**)	1	0	0,00	0,00	
	PMR (**)	1	0	0,00	0,00	
		31	29		11.120.200,00	
Año 2023	12 m	20	20	388.000,00	7.760.000,00	Mes (1)
Año 2024	10 m	1	1	280.200,00	280.200,00	Mes (1)
	12 m	1	1	388.000,00	388.000,00	Mes (1)
	12 m	17	17	388.000,00	6.596.000,00	Mes (10)
				19		7.264.200,00



Concello de Vigo

Año 2025	12 m	0	0	388.000,00	0,00	Mes (1)
	18 m	2	2	384.000,00	768.000,00	

(*) Importes para a adquisición dos vehículos de acordo coa documentación presentada polo Concesionario.

(**) Non procede por ser vehículos non afectados ao plan de investimentos para o calculo da tarifa.

O vehículo utilizado como PMR, correspóndese cun vehículo especial para transporte de persoas como mobilidade reducida, ofertado pola concesionaria como unha mellora do servizo, polo cal a renovación do mesmo non é obxecto deste expediente xa que a súa financiación non se atopa vinculada con este expediente, con independencia da obriga do concesionario para a súa renovación, de acordo coa tramitación do expediente (3632/449).

O Vehículo identificado como "BUS TURÍSTICO", se corresponde coa oferta realizada polo concesionario no marco do expediente (expte 1421-104) e a financiación dos custes da súa renovación non se atopan incluídos no obxecto deste expediente non formando parte dos criterios de calculo da tarifa, con independencia da oportunidade da súa renovación.

Tal como se manifestou anteriormente con esta proposta de renovación de flota se da cumprimento da contido do apartado 23.12 e apartado 3.1.6 do Anexo técnico, do prego de condicións que rexe a concesión, xa que unha vez executado o mesmo todos os vehículos de mais de 12 anos serán substituídos e a vida media da flota será en xuño de 2022 de 6,40 anos de media e en xaneiro do 2023 será de 4,46 anos de vida media. E en relación a situación transitoria ata a autorización e posta en funcionamento dos novos vehículos, debese destacar que o concesionario, tal como reitera na presente solicitude de revisión de tarifa, procedeu a realización dun proceso extraordinario de revisión dos vehículos afectados por esta condición, emitindo con data do 30/04/2021 informe específico que conclúe: "... que a flota mencionada está en condicións de seguridade para circular ata a chegada dos novos vehículos solicitados", e polo tanto procede autorizar de maneira extraordinaria a continuidade dos 29 vehículos adscritos a concesión e vinculados a execución da inversión do ano 2022, ate a incorporación dos novos vehículos prevista para o mes de xullo do ano 2022, para o cal o concesionario obrigase a manter un proceso de revisión específico de mantemento en función do uso dos mesmos.

En relación a necesidade de manter a continuidade dos vehículos, debemos destacar que dentro deste ámbito, e da incidencia do COVID-19, debemos facer referencia -sin ter unha aplicación directa o ámbito deste contrato- as seguintes referencias:

- O RDL 37/2020, de 22 de decembro, de medidas urxentes para facer fronte as situacións de vulnerabilidade social e económica no ámbito da vivenda e en materia de transportes, regula no apartado 11 do artigo 2: "*Los contratos de gestión de servicios públicos de transporte regular de viajeros por carretera de uso general de titularidad de la Administración General del Estado verán incrementada la antigüedad máxima de los vehículos adscritos en quince meses*".
- A Lei 13/2021, do 1 de outubro, pola que se modifica a Lei 16/1897, de 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, "*Con el fin de paliar los efectos de la pandemia en este sector*" regula na "*Disposición adicional primeira*" un incremento temporal da Antigüedad máxima dos vehículos que realizan transportes incluídos

dentro del ámbito de aplicación del artículo 1.a) del Real Decreto 443/2001, de 27 de abril, sobre condiciones de seguridad no transporte escolar e de menores, ata un máximo de 18 anos na península e ata 20 anos nos territorios extrapeninsulares, sen prexuízo do cumprimento da inspección técnica nos termos previstos no artigo 6 del Real Decreto 443/2001, de 27 de abril.”

Os datos recollidos na táboa anterior en relación a tipoloxía de vehículos, número de unidades, así como custe dos mesmos teñen a condición de datos para planificación e calculo da tarifa do ano 2022. No seu caso estes datos deberán ser certificados de maneira detallada nas actas de recepción dos vehículos unha vez adquiridos e postos en funcionamento. Así ditos datos serán actualizados nos cadros de amortización cos datos reais derivados da acta de recepción e posta en funcionamento.

A vista do cadro de planificación anterior, desprendese os seguintes condicionantes, así como cadros para os cálculos dos valores de Amortización e intereses:

A amortización dos vehículos de acordo cos criterios establecidos no ámbito do contrato e de 12 anos.

O interese de aplicación para os novos investimentos na flota, quedou determinado no acordo de prorroga en relación ao: *“Tipo de interese aplicable para a recuperación da inversión que se faga durante a prórroga: Será o tipo de interese vixente no mercado financeiro e de capital, determinado por acordo entre as partes co limite do 8%”.*

En base a esta condición estimase que o interese de aplicación debe referirse ao tipo de interese legal do diñeiro que se aplica como referencia para normas legais ou pactos en contrato e que se determina anualmente na Lei de Presuposto Xerais do Estado. Dito tipo de interese para o ano 2021 esta fixado nun 3,00 %, e así mesmo o proxecto de Lei de Presuposto Xerais do Estado para o ano 2022 fixa tamén un 3,00%.

Cadro de amortizacións dos investimentos a executar durante o período de prorroga:

Ano	Inversión anual	Inversión acumulada	Amortización teórica Inversión 2022	Amortización teórica inversión 2023	Amortización teórica inversión 2024-Mes (1) y Mes(10)		Amortización teórica inversión 2025	amortización real	amortización acumulada	inversión pendiente de amortizar
2020			11.120.200,00	7.760.000,00	668.200,00	6.596.000,00	768.000,00			
2021										
2022	11.120.200,00	11.120.200,00	391.776,24					391.776,24	391.776,24	10.728.423,76
2023	7.760.000,00	18.880.200,00	795.305,77	546.785,78				1.342.091,55	1.733.867,79	17.146.332,21
2024	668.200,00	19.548.400,00	819.164,94	563.189,36	47.082,77	116.191,98		1.545.629,04	3.279.496,84	16.268.903,16
2025	6.596.000,00	26.144.400,00								
2026	768.000,00	26.912.400,00	843.739,89	580.085,04	48.495,25	468.253,68	54.114,88	1.994.688,73	5.274.185,57	21.638.214,43
2027		26.912.400,00	869.052,09	597.487,59	49.950,11	482.301,29	55.738,33	2.054.529,40	7.328.714,97	19.583.685,03
2028		26.912.400,00	895.123,65	615.412,22	51.448,61	496.770,32	57.410,48	2.116.165,28	9.444.880,25	17.467.519,75
2029		26.912.400,00	921.977,36	633.874,58	52.992,07	511.673,43	59.132,79	2.179.650,24	11.624.530,48	15.287.869,52
2029		26.912.400,00	949.636,68	652.890,82	54.581,83	527.023,64	60.906,78	2.245.039,74	13.869.570,23	13.042.829,77



Concello de Vigo

Ano	Inversión anual	Inversión acumulada	Amortización teórica Inversión 2022	Amortización teórica inversión 2023	Amortización teórica inversión 2024-Mes (1) y Mes(10)	Amortización teórica inversión 2025	amortización real	amortización acumulada	inversión pendiente de amortizar	
2030		26.912.400,00	978.125,78	672.477,54	56.219,28	542.834,35	62.733,98	2.312.390,94	16.181.961,16	10.730.438,84
2031		26.912.400,00	1.007.469,56	692.651,87	57.905,86	559.119,38	64.616,00	2.381.762,66	18.563.723,83	8.348.676,17
2032		26.912.400,00	1.037.693,64	713.431,43	59.643,04	575.892,96	66.554,48	2.453.215,54	21.016.939,37	5.895.460,63
2033		26.912.400,00	1.068.824,45	734.834,37	61.432,33	593.169,75	68.551,11	2.526.812,01	23.543.751,38	3.368.648,62
2034		26.912.400,00	542.309,94	756.879,40	63.275,30	610.964,84	70.607,65	2.044.037,13	25.587.788,51	1.324.611,49
2035		26.912.400,00			65.173,56	629.293,78	72.725,88	767.193,22	26.354.981,73	557.418,27
2036		26.912.400,00				482.510,62	74.907,65	557.418,27	26.912.400,00	0,00

Cadro dos cálculos de intereses dos investimentos no período de prorroga e determinación do importe A+F de cada anualidade da prorroga: Se achega con este documento como anexo I, copias dos cadros de calculo da amortización e intereses de cada unha das operacións financeiras vinculadas as propostas de adquisición de novos vehículos.

	Amortización teórica período prorroga - novas inversións	Inversión pendiente de amortizar	Intereses inversión no amortizada (3%)	amortización real= (Ingreso para A+F)- Intereses	Ingreso de tarifa para A+F de Flota
	26.912.400,00				
2020	0,00		0,00		
2021	0,00		0,00	0,00	0,00
			(*)		
2022	(*) 391.776,24	11.120.200,00	166.803,00	558.579,24	558.579,24
2023	1.342.091,55	10.728.423,76	554.652,71	1.896.744,27	1.896.744,27
2024	1.545.629,04	17.146.332,21	583.905,97	2.129.535,01	2.129.535,01
2025	1.994.688,73	16.268.903,16	708.987,09	2.703.675,83	2.703.675,83
2026	2.054.529,40	21.638.214,43	649.146,43	2.703.675,83	2.703.675,83
2027	2.116.165,28	19.583.685,03	587.510,55	2.703.675,83	2.703.675,83
2028	2.179.650,24	17.467.519,75	524.025,59	2.703.675,83	2.703.675,83
2029	2.245.039,74	15.287.869,52	458.636,09	2.703.675,83	2.703.675,83
2030	2.312.390,94	13.042.829,77	391.284,89	2.703.675,83	2.703.675,83
2031	2.381.762,66	10.730.438,84	321.913,17	2.703.675,83	2.703.675,83
2032	2.453.215,54	8.348.676,17	250.460,29	2.703.675,83	2.703.675,83
2033	2.526.812,01	5.895.460,63	176.863,82	2.703.675,83	2.703.675,83
2034	2.044.037,13	3.368.648,62	101.059,46	2.145.096,59	2.145.096,59
2035	767.193,22	1.324.611,49	39.738,34	806.931,56	806.931,56
2036	557.418,27	557.418,27	16.722,55	574.140,82	574.140,82

(*) debese indicar que os cálculos do ano 2022 teñen en conta que o investimento polo importe de 11.037.040,00 €, se operativizan coa posta en funcionamento dos vehículos previsto para o primeiro de xullo de 2022, polo cal os cálculos de amortización e intereses e o correspondente a 6 meses.

Sobre estes datos indicar que para o ano 2022 serán de aplicación:

Inversión pendente de amortizar:	11.120.200,00 €
Intereses sobre capital pendente amortizar (3%):	166.803,00 €
Cota de Amortización para o ano 2022:	391.776,24 €

Importe TOTAL para aplicación en tarifa: **558.579,24 €**

Importe TOTAL (INVERSIÓN PENDENTE + NOVOS VEHÍCULOS) =	
Importe sobre inversión pendente:	2.344.293,79 €
Importe sobre novos vehículos:	558.579,24 €
TOTAL:	2.902.873,03 €

b.9.- Calculo da repercusión por **viaxeiro** e **qm** en relación a previsión de amortización mais intereses en relación os investimentos en material móbil (flota vehículos) :

$$\text{€/viaxeiro} = \frac{2.902.873,03}{16.081.991} = \mathbf{0,1805}$$

$$\text{€/quilómetro} = \frac{2.902.873,03}{6.250.000} = \mathbf{0,4645}$$

b.10.- REPERCUSIÓN TERREOS

b.10.1.-Investimentos en terreos e instalacións 1995-2019.

No cadro seguinte reflíctese o importe das inversións e das amortizacións realizadas ao longo do período concesional, e por diferenza, o importe das inversións pendente de amortizar.

Custe de A+F recoñecida para amortización investimento en terreos: 20 cuotas de 597,707,14 € que ascende a un total de 11,954.142,80 €

Ano	A+F Teórica	Inversión acumulada	Amortización real do exercicio	Amortización acumulada	Investimentos pendentes de amortizar a 31/12
1995			0,00	0,00	0,00
1996			0,00	0,00	0,00
1997			0,00	0,00	0,00
1998			0,00	0,00	0,00
1999			0,00	0,00	0,00
2000	597.707,14	11.954.142,80	554.879,78	554.879,78	11.399.263,02
2001	597.707,14	11.954.142,80	555.472,75	1.110.352,53	10.843.790,27
2002	597.707,14	11.954.142,80	547.978,81	1.658.331,34	10.295.811,46
2003	597.707,14	11.954.142,80	560.108,68	2.218.440,02	9.735.702,78
2004	597.707,14	11.954.142,80	575.893,82	2.794.333,84	9.159.808,96



Concello de Vigo

2005	597.707,14	11.954.142,80	611.800,14	3.406.133,98	8.548.008,82
2006	597.707,14	11.954.142,80	612.448,53	4.018.582,51	7.935.560,29
2007	597.707,14	11.954.142,80	598.903,82	4.617.486,33	7.336.656,47
2008	597.707,14	11.954.142,80	595.597,57	5.213.083,90	6.741.058,90
2009	597.707,14	11.954.142,80	578.371,05	5.791.454,95	6.162.687,85
2010	597.707,14	11.954.142,80	590.271,61	6.381.726,56	5.572.416,24
2011	597.707,14	11.954.142,80	611.828,11	6.993.554,67	4.960.588,13
2012	597.707,14	11.954.142,80	569.021,39	7.562.576,06	4.391.566,74
2013	597.707,14	11.954.142,80	0,00	7.562.576,06	4.391.566,74
2014	597.707,14	11.954.142,80	137.377,77	7.699.953,83	4.254.188,97
2015	597.707,14	11.954.142,80	595.573,00	8.295.526,83	3.658.615,97
2016	597.707,14	11.954.142,80	607.288,89	8.902.815,72	3.051.327,08
2017	597.707,14	11.954.142,80	599.078,51	9.501.894,23	2.452.248,57
2018	597.707,14	11.954.142,80	608.962,92	10.110.857,15	1.843.285,65
2019	597.707,14	11.954.142,80	599.981,97	10.710.839,12	1.243.303,68
Total	11.954.142,80		10.710.839,12		1.243.303,68

b.10.2.- O sistema de amortización empregado para a recuperación dos terreos e instalacións é o de cota constante de amortización e intereses, sendo a cota para 2020 de 597.707,14 euros, calculándose a súa repercusión en tarifa en función dos viaxeiros estimados e reaxustándose con posterioridade o importe da amortización efectiva tendo en conta os viaxeiros reais do exercicio.

O acordo da XGL da proposta de prorroga indica que a cantidade pendente de amortizar a 31/12/2019, sexa amortizada en dous anos (2020 e 2021), establecendose pois a seguinte distribución:

ano 2020= 597,707,14 € e ano 2021 = 645,596,56 €.

Sobre o importe pendente de amortizar a data do 31 de decembro de 2019: 1.243.303,68 €, se aplica o 6% de intereses sobre os período de prorroga do ano 2020 (206 días), resultando un importe de 41.986,98 €, polo que a cota a aplicar correspondente a reversión dos terreos incluíndo os intereses da inversión pendente de amortizar do ano 2020 serían 597,707,14 € + 41.986,98 € = 639.694,12 €.

b.10.3.- Aplicación real da cota de tarifa do ano 2020 para a amortización do investimento pendente dos terreos:

Ingreso de tarifa para A+F de Terreos, en €	nº de viaxeiros de pago reais 2020	Amortización real por tarifa		Total viaxeiros 2020 aplicación amortización terreos	(*) Cuota de tarifa para amortización Terreos s/IVE
		Nº de Viaxeiros por Indemnización 18/12/2020	Nº de Viaxeiros por Indemnización 30/06/2021		
476.598,02	11.735.974	1.788.449	2.853.516	16.377.939	0,0291

(*) datos correspondentes a aprobación de tarifa do ano 2019. Acordo da XGL de 30/12/2018

O ingreso de tarifa resultante ascende a 476.598,02 €, correspondendo o seguinte criterios de aplicación:

Sobre dito importe 476.598,02, se procederá a descontar o importe correspondente os intereses de aplicación indicados anteriormente polo importe de 41.986,98 €), **resultando un importe de amortización real de: (476,598,02 – 41,986,98 €) = 434.611,04 €.**

b.10.4.- O importe pendente de amortización para o ano 2021 e de: 1.243.303,68 – 434.611,04 € = 808.692,64 €. Atendendo a cantidade pendente de amortizar, e inviable a amortización completa no ano 2021, polo cal é necesario distribuír dito importe entre o ano 2021 e o ano 2022. Para a estimación débese ter en conta que a cuota de tarifa de aplicación é a aprobado para o ano 2019 nun importe de 0,0291. Estimase que a amortización do ano 2021 en relación o número de viaxes correspondentes ao peche provisional do ano (13.180.393) acada un importe de 383.549,44 €. A este importe se lle debe minorar o importe correspondente os intereses do 6% sobre o importe pendente de 808.692,64 € = 48.521,56 €, restando como importe neto de amortización a cantidade de: 383.549,44 – 48.521,56 € = 335.027,88 €.

b.10.5.- Cantidade pendente de amortizar para o ano 2022 = 808.692.64 € - 335.027,88 € = 473.664.76 €, polo cal o importe A+F para o ano 2022 e de 473.664,76 € + 6% = **502.084,65 €**

	Inversión pendente de amortizar	Importe real de amortización	Intereses inversión no amortizada (6%)	Ingreso de tarifa para A+F de Terreos	Amortización prevista por tarifa para o ano 2021			Total viaxeiros 2020 aplicación amortización terreos	Cuota de tarifa para amortización Terreos s/IVE
					nº de viaxeiros de pago reais	Nº de Viaxeiros por Indemnización 18/12/2020	Nº de Viaxeiros por Indemnización 30/06/2021		
1.243.303,68									
2020	808.692,64	434.611,04	41.986,98	476.598,02	11.735.974	1.788.449	2.853.516	16.377.939	0,0291
2021	473.664,76	335.027,88	48.521,56	383.549,44	13.180.393			13.180.393	0,0291
2022			28.419,89						

b.10.6.- Repercusión por viaxeiro e qm da amortización e intereses previstos para o ano 2022:

$$\begin{array}{r} 502.084,65 \\ \text{€/viaxeiro} \quad \text{-----} = \mathbf{0,0312} \\ 16.081.991 \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 502.084,65 \\ \text{€/quilómetro} \quad \text{-----} = \mathbf{0,0803} \\ 6.250.000 \end{array}$$

b.11.- INGRESOS POR PUBLICIDADE

Este concepto busca equilibrar o custes do servizo en relación a determinación da tarifa usuario, polo cal a aplicación do mesmo se fai en base a determinar que ingresos de publicidade serán de aplicación a minoración da tarifa , polo cal a súa aplicación sempre ten referencia os ingresos dun ano, igual que os viaxeiros e qm son en relación aun único ano.



Concello de Vigo

En relación a este factor, o criterio se base en utilizar a referencia dos ingresos anuais do ultimo ano completo, e para esta referencia a concesionaria manifesta que os ingresos pola publicidade ascenden a 136.106,25 € aportando certificados expedidos polas empresas contratistas JCDECAUX ESPAÑA SLU e Exterión Media Spain S.A.U., sendo este importe válido para a referencia do seguinte calculo.

O que supón unha dedución de $\frac{136.106,25}{16.081.991} = 0,0085 \text{ €/viaxeiro}$

O que supón unha dedución de $\frac{136.106,25}{6.250.000} = 0,0218 \text{ €/quilómetro}$

c.- PREZOS RESULTANTES DA APLICACIÓN DA FORMULA POLINÓMICA

De conformidade cos valores obtidos os prezos resultantes son os seguintes:

PREZO BILLETE ORDINARIO:	1,40 €
Custe unitario	1,0734
Por repercusión material móbil (flota)	0,1805
Por repercusión de terreos	0,0312
Por publicidade	-0,0085
Base imponible	1,2766
IVE (10%)	0,1277
Total	1,4043
Redondeo	1,40

PREZO COCHE /KILOMETRO **5,3393 €**

Por custe unitario	4,3309
Por repercusión material móbil (flota)	0,4645
Por repercusión de terreos	0,0803
Por publicidade	-0,0218
Base imponible	4,8539
IVE (10%)	0,4854
Total	5,3393

d.- PREZO DAS DISTINTAS TARIFAS SUBVENCIONADAS

Os prezos actuais das distintas tarifas subvencionadas son (acordo da XGL de 30/12/2018)

	Con IVE		Achega máxima Concello	
	Tarifa	Tarifa base	Diferenza coa	Diferenza coa

	base	subvencionada	tarifa base con IVE	tarifa base sen IVE
Venta contado	1,35 €		0,00 €	0,0000 €
Billete normal -	1,35 €	0,89 €	0,46 €	0,4182 €
Billete estudante -	1,35 €	0,86 €	0,49 €	0,4455 €
Billete Pensionista I -	1,35 €	0,00 €	1,35 €	1,2273 €
Billete Pensionista II -	1,35 €	0,00 €	1,35 €	1,2273 €
Billete Universitario -	1,35 €	0,67 €	0,68 €	0,6182 €
Billete social –	1,35 €	0,69 €	0,66 €	0,6000 €

Persoas mobilidade reducida que utilicen cadeira de rodas e o seu acompañante	Billete grauíto
---	-----------------

De conformidade coas instrucións recibidas do Concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, o Goberno Municipal considera que non procede incrementar os prezos das tarifas subvencionadas dada a difícil situación que estase a vivir como consecuencia da pandemia e os efectos sanitarios e económicos derivados da mesma, polo que propoñen incrementar o importe da subvención municipal para o ano 2022 na mesma contía que se incrementa o billete en cada unha das tarifas subvencionadas, polo que se propoñen manter os prezos das tarifas subvencionadas vixentes até a data.

Considerando o anterior faise un calculo do importe da subvención municipal para o ano 2022

Polo que os prezos que se propoñen son os seguintes:

	Con IVE		Acheга máxima Concello	
	Tarifa base	Tarifa base subvencionada	Diferenza coa tarifa base con IVE	Diferenza coa tarifa base sen IVE
Venta contado	1,40 €	----	-----	-----
Billete normal -	1,40 €	0,89 €	0,51 €	0,4636 €
Billete estudante -	1,40 €	0,86 €	0,54 €	0,4909 €
Billete Pensionista I -	1,40 €	0,00 €	1,40 €	1,2727 €
Billete Pensionista II -	1,40 €	0,00 €	1,40 €	1,2727 €
Billete Universitario -	1,40 €	0,67 €	0,73 €	0,6636 €
Billete social – O	1,40 €	0,69 €	0,71 €	0,6454 €

Persoas mobilidade reducida que utilicen cadeira de rodas e o seu acompañante	Billete grauíto
---	-----------------

Estimación económica derivada da aplicación das bonificacións propostas en relación a nova tarifa base para o ano 2022 de acordo coa actual base de liquidación (importe sen IVE) e de acordo coa estimación de viaxeiros de pago por tipoloxía estimada para o 2022:

% de Viaxes pago	% de Viaxes	Previsión de % de Viaxes pago	Previsión nº viaxes 2022	Importe max achega aportada polo Concello (€) importe
------------------	-------------	--------------------------------------	--------------------------	---



Concello de Vigo

	2019	pago 2021	2022		sen IVE	
Venta contado	22,92%	22,21%	22,56%	3.628.643		
Billete normal -	42,97%	43,79%	43,38%	6.976.403	0,4636	3.234.260,43
Billete estudante -	4,01%	3,62%	3,82%	614.076	0,4909	301.449,91
Billete Pensionista I -	9,39%	9,66%	9,53%	1.532.327	1,2727	1.950.192,57
Billete Pensionista II -	15,72%	16,22%	15,97%	2.567.893	1,2727	3.268.157,42
Billete Universitario -	4,47%	4,17%	4,32%	694.463	0,6636	460.845,65
Billete social -	0,51%	0,33%	0,42%	68.186	0,6454	44.007,24
				16.081.991		9.258.913,22

Ademais deste importe debese ter en conta a seguinte previsión de achega económica en función das liñas ao Hospital, así como a Universidade:

Hospital	780.000,00
Universidade	1.250.000,00

Estimación total de gasto coa previsión de 16.081.991 viaxeiros (78% sobre o 2019) aplicando o incremento de tarifa a parte da subvención municipal destinada o usuario 11.288.913,22

Estimación do custe para o Concello en relación a aplicación da nova tarifa para o 2022 dende o 1 de xaneiro de 2022 en relación a data de aplicación:

Atendendo a previsión de aprobación definitiva da tarifa para o ano 2022, procede realizar unha estimación do custe que terá para o Concello en relación co prezo da tarifa actual e a diferenza ata o novo importe:

Estimación mensual:

Exemplo de calculo do mes de xaneiro de 2021 de acordo cos criterios de facturación actual coa tarifa vixente:

	Previsión datos de uso xaneiro 2022	Diferenza de achega Concello tarifa vixente/proposta 2022	Estimación custe por non aplicación de tarifa
Venta contado	231.795	0,0454 €	10.523,49 €
Billete normal subvencionado (s/t)	474.448	0,0454 €	21.539,94 €
Billete estudante (s/t)	46.240	0,0454 €	2.099,30 €
Billete Pensionista (s/t)	97.701	0,0454 €	4.435,63 €
Billete Pensionista II (s/t)	175.936	0,0454 €	7.987,49 €

Billete UNiversitario (s/t)	33.645	0,2556 €	8.599,66 €
Billete social (s/t)	2.527	0,0454 €	117,90 €
	1.062.362		55.303,41 €

A vista desta previsión pódese indicar que o gasto máximo por mensuralidade non debe superar unha estimación mensual entre 55.000,00 € e 60.000,00 €, polo cal atendendo a estimación realizada anteriormente, pódese afirmar que en todo caso a facturación que deberá realizar a Concesionaria ao Concello de Vigo pola aplicación da diferenza entre a tarifa vixente e a nova prevista para o ano 2022, terá crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 4411.470.00.01, prevista no orzamento 2022

e.- INFORMACIÓN ECONÓMICA:

De conformidade co disposto no artigo 62 de prego de condicións que rexe a concesión o concesionario estará obrigado a presentar anualmente unha auditoría de empresa, efectuada pola empresa auditora elixida polo Concello entre unha terna de recoñecida solvencia presentada polo concesionario e con estrita suxeición a lei de auditorías, sendo presentada a última auditoría correspondente ao ano 2020 na data do 21 de xuño de 2021.

f.- ACUMULACIÓN DE EXPEDIENTES:

Por razóns de economía procedimental, a lei de procedemento administrativo permite que o órgano administrativo que inicie ou tramite un procedemento, calquera que sexa a forma da súa iniciación, potestativamente, poida dispoñer a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión (artigo 57 LPAC). Contra o acordo de acumulación non procederá recurso ningún.

No presente caso, dado que os expedientes 3242-449 e 3391-449, gardan íntima conexión con o presente expediente, por referirse a revisión das tarifas do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade para o ano 2021 e renovación dos vehículos adscritos a concesión, considerase que procede a súa acumulación.

g.-INFORME SOBRE AS ALEGACIÓN PRESENTADAS POR VITRASA NO TRAMITE DE AUDIENCIA SOBRE A PROPOSTA DE REVISIÓN DE TARIFAS DO SERVIZO PÚBLICO REGULAR DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS PARA O ANO 2022

I.- Antecedentes:

Na data 2 de febreiro de 2022, foi concedido tramite de audiencia a empresa concesionaria, dándolle traslado do informe proposta da mesma data.

Na data 23 de febreiro de 2022 foi presentado por VITRASA, a través do rexistro xeral do concello de Vigo con nº de documento 220040675, escrito de alegacións ao informe propos-



Concello de Vigo

ta de data 02/02/2022 en relación a revisión de tarifas do servizo público regular do transporte urbano colectivo de viaxeiros de Vigo para o ano 2022.

No citado escrito de alegación a concesionaria ven a indicar as seguintes alegacións:

Primeira: VITRASA, ten dereito a que se lle recoñeza de maneira retroactiva a revisión de tarifas para o exercicio 2021.

Segunda: A alteración das previsións de renovación de flota supoñen de facto, unha modificación contractual cuxa formalización no se axusta a dereito.

Terceira: A tarifa proposta no informe para o ano 2022, ha sido incorrectamente calculada.

E como conclusión ven a solicitar:

- 1) Que se aprobe retroactivamente a revisión de tarifas do exercicio 2021 nos termos recollidos no documento que se acompaña como “documento nº1”, e ordene o pago das cantidades e intereses que procedan de acordo a elo.
- 2) Que se inicien os tramites oportunos para acordar a oportuna modificación contractual e, en todo caso, se leven a cabo os axustes económicos necesarios derivados de dita modificación, tendo en conta os sobrecustes producidos a VITRASA e acreditados no documento que se acompaña como “Documento nº4”.
- 3) Que se aprobe a revisión de tarifas do exercicio 2022 nos termos recollidos no documento que se acompaña como “Documento nº2”, e na Alegación Terceira do presente escrito.

II.- Análise do contido das alegación e informe:

II.1.- En relación a alegación primeira; “que se aprobe retroactivamente a revisión de tarifas do exercicio 2021”, procede analizar os tres motivos identificados por Vitrasa como contrarios a dereito para concretar esta alegación:

O calculo da revisión de tarifa atopase regulado nos pregos da concesión (cláusulas 62 e 63), determinando que a tarifa se compón da seguinte estrutura; (i) Custo unitario, (ii) Repercusión material móbil, (iii) Repercusión terreos e instalacións e (iv) Ingresos por publicidade (a deducir). Do análise da composición da ultima tarifa aprobada desprendese que os apartados (ii) Repercusión material móbil e (iii) Repercusión terreos e instalacións, supoñen un 16,89 % do importe da tarifa e os mesmos teñen relación directamente proporcional co número de viaxeiros que se aplique no calculo e como tal unha alteración drástica deste valor ten unha incidencia clara na conformación da tarifa.

O calculo de viaxeiros defínese de conformidade co apartado quinto do acordo da Xunta de Goberno local de data 21 de decembro de 2009 segundo o cal se fixa como nº de viaxeiros aos efectos de revisión tarifaría o nº real de viaxeiros de pago transportados no período comprendido entre o 1 de outubro e o 30 de setembro do período inmediatamente anterior a presentación da solicitude de revisión tarifaría incrementado en mais o en menos no porcentaxe de variación no mesmo período.

Na solicitude realizada por VITRASA e dos tramites desenvolto desprendese claramente a imposibilidade xa manifestada no informe proposta obxecto da alegación; *“Sobre este factor debese destacar o feito extraordinario producido durante o período 1 de outubro 2019 ao 1 de setembro de 2020, pola Pandemia COVID-19 e as medidas extraordinarias tomadas para xestionar a situación de crise sanitaria xerada pola dita pandemia. Esta situación provocou de maneira extraordinaria unha minoración drástica no número de viaxeiros, alterando substancialmente dita referencia para a realización de calquera cálculo, e sobre todo, tendo en conta a tramitación neste período da reclamación do concesionario sobre o reequilibrio pola perda de viaxeiros, que tería unha incidencia obxectiva na determinación real do número de viaxeiros. Exemplo de tal situación, é que as indemnizacións aprobadas por dita incidencia, que afectan o número de viaxeiros do período afectado para o cálculo, foron aprobadas polos acordos da Xunta de Goberno Local de data 18 de decembro de 2020 para o expediente 3078/449, e de data 30 de xuño de 2021 para o expediente 3292/449. E as mesmas non acadan a totalidade das reclamacións realizadas polo concesionario”.*

Así mesmo, sendo máis analíticos sobre este cálculo, procede identificar que cando Vitrasa presenta a solicitude de revisión de tarifa para o ano 2021 (expte 3242/449) identifica como viaxeiros para o cálculo da tarifa o de 15.463.453, e no “documento nº 1” da alegación presentada, ven a identificar como nº de viaxeiros o de 13.282.066. Esta incongruencia ven a conformar o xa exposto; son datos que carecen de calquera mínima xustificación e por outro lado VITRASA non aclara si o novo número de viaxeiros ten en conta os viaxeiros equivalentes as indemnizacións aboadas polo Concello de Vigo, as cales deberían en calquera caso ser aplicadas no modelo de cálculo como viaxeiros, que presenta no contexto da alegación.

E obvio que existen incongruencias entre os datos aportados por VITRASA, e polo tanto o contido da alegación primeira non pode ser aceptado xa que ven a indicar, no modelo de cálculo de tarifa (documento nº1) unha aplicación de datos sen ningún tipo de xustificación, e polo tanto debese reiterar o manifestado no informe obxecto das alegación sobre a excepcionalidade da situación provocada pola Pandemia Covid-19, e que a alteración dos datos sobre os viaxeiros e un motivo claro que non posibilitou a súa aplicación.

En relación ao reforzo da xustificación sobre a alteración que este factor, debese indicar que do análise real dos datos dos viaxeiros (período:1 de outubro / 30 de setembro – 2018/2019 sobre 2019/2020) se determina unha alteración aproximada dun -46% sobre o dato de viaxeiros aplicado no proceso de cálculo da tarifa do ano 2019, o cal ven a ratificar a proposta do informe proposta de revisión de tarifa alegado.

Por outra banda, en relación a solicitude desta alegación sobre a aprobación da tarifa do ano 2021, e importante indicar as incongruencias que se detectan no contido da alegación



Concello de Vigo

presentada sobre a tarifa que propón Vitrasa (documento nº1) en relación o calculo das amortizacións da Flota. Neste sentido debese analizar os seguintes datos:

Vitrasa na solicitude de revisión de tarifa (expediente 3242/449) identifica como importe pendente de amortizar de flota (amortización+intereses) para a aplicación na tarifa o de 2.999.007,69 € (sen ter en conta o proposta de novos vehículos), e do documento nº 1 da alegación presentada desprendese un importe de 2.863.613,43 € (non se aporta ningunha xustificación). Esta diferenza volve a identificar a inconsistencia e total falta de xustificación por parte de Vitrasa, o cal pon de manifesto o indicado no informe proposta alegado en relación a non xustificación por parte de Vitrasa da documentación presentada para o calculo da tarifa do ano 2021.

E por ultimo, debemos reiterar o manifestado no informe proposta obxecto desta alegación no ámbito dos requirimentos realizados polo Servizo de Transportes en datas 12/11/2020 e 04/12/2020, sobre a ampliación da documentación técnica da proposta indicada por Vitrasa para a renovación da Flota, e polo tanto debese ter en conta o xa manifestado de que *“Destas actuacións pódese constatar que o atraso producido para resolver a autorización de adquisición de vehículos derivou na imposibilidade de acadar unha valoración real dos vehículos a renovar, o cal entre outras causas, leva implícito a imposibilidade de establecer os cálculos de amortización e aplicación correspondente da parte que deba conformar a tarifa”*. A falta desta documentación e determinante, -non se pode establecer a autorización de renovación de flota sen identificar a tipoloxía dos vehículos, e complementariamente non se pode realizar os cálculos de amortización para su aplicación a tarifa”.

II.2.- En relación a alegación “segunda - A alteración das previsión de renovación da flota supoñen de facto unha modificación contractual- ”:

Vitrasa ven a identificar a proposta recollida no informe alegado como “unha modificación do contrato”, polo que procede indicar:

Neste sentido debemos reiterar as xustificación xa indicadas no informe proposta alegado, e reiterar que a inclusión ou non de dous vehículos na previsión do plan de renovación da flota, non é unha interpretación aleatoria do Concello, senón que como se explica na proposta formulada “ dous de estes vehículos non deben de incluírse por non formar parte dos vehículos que conforman o plan de amortización e conformación da tarifa”. O vehículo correspondente ao PMR correspondese con unha das melloras ofertadas polo adxudicatario, e como tal, non procede a súa renovación no ámbito da amortización económica por tarifa. Por outro lado, o vehículo turístico, correspondese a unha modificación posterior do contrato (expte 1421-104) e o mesmo non se atopa dentro da amortización pola tarifa xeral”.

No informe proposta alegado, proponse unha adecuación dos vehiculos necesarios para substituir os que superan os “doce anos” de vida, cuestión que tal como se xustifica non ten a condición de “modificación do contrato”, xa que o propio prego contempla a competencia

para o Concello de aprobar a proposta que se presente, e neste caso, tal como se indica no parágrafo anterior, dous dos vehículos propostos no plan de renovación do expediente de revisión de tarifa, non corresponde ser incluídos na mesma, o cal non elimina a obriga do Concesionario da súa renovación, pero esta non pode ser acordada no marco do expediente de revisión de tarifa.

En todo caso, a proposta de renovación da flota responde a unha obriga sobre o criterio de **de substituír por vehículos novos aqueles de “doce anos” de vida (23.12 e apartado 3.1.6 do Anexo técnico)**. Así mesmo debese destacar que a substitución dos vehículos debe ser “aceptada” polo Concello de Vigo unha vez presentadas polo Concesionario as correspondentes memorias técnicas e a determinación do prezo das novas unidades que conformará unha parte indivisible da conformación da tarifa. Sobre esta condición debese reiterar o manifestado no informe proposta alegado, en relación a proposta de renovación de flota prevista na solicitude de revisión de tarifa do expediente 3242-449 e a proposta de renovación de flota vinculado do expediente 3391-449, concluindo sobre ambos casos, na imposibilidade de acadar unha valoración real dos vehículos a renovar, e por outro lado as diversas propostas desenvoltas sobre a proposta contida no expediente 3391-441, e o estudo de alternativas sobre a tipoloxía de vehículos máis eficientes para o proceso de transición a unha flota con enerxías alternativas que facilite a descarbonización da mobilidade urbana, propostos por Vitrasa, foron motivos que acreditan outro factor que complementa os criterios que determinaron a imposibilidade de resolver a autorización da adquisición dos novos vehículos.

Por último e importante identificar que nas solicitudes realizadas por Vitrasa para a renovación da flota, identifica a necesidade de variar as tipoloxías dos vehículos, así identifica que o aumento da demanda e a variación dos aforos aconsella variar as unidades segundo a tipoloxía, así en vez de 4 de 10 metros, propón so 1 de 10 metros, en relación os vehículos de 18 metros, propón 22 unidades en vez de 21, e en relación os vehículos de 18 metros, en vez de 4 unidades, propón 6 unidades. Esta adecuación dos vehículos é proposta por VITRASA, e en ningún caso e interpretada como unha proposta de modificación do contrato, senón como unha adecuación da tipoloxía de vehículos e unidades de cada unha a unha adecuación do servizo, o cal contradixese co criterio que manifesta nesta alegación, na cal identifica a adecuación proposta no informe proposta cunha modificación do contrato.

Plo exposto debe reiterarse que a proposta para autorizar a adquisición dun total de 49 vehículos, adecuando a temporalidade desta adquisición ao período (29 unidades en xuño do 2022, e 20 unidades en xaneiro do 2023); e así mesmo desenvolve a previsión de 19 vehículos no ano 2024 e de 2 vehículos no ano 2025, se adecúa as previsión establecidas no acordo da prorroga do contrato e en ningún caso debe entenderse como una modificación do contrato.



Concello de Vigo

II.3.- En relación a alegación “terceira - a tarifa proposta no informe para o ano 2022 foi incorrectamente calculada”, debese indicar:

Os datos correspondentes a todos os factores que compoñen a formula de revisión de tarifa, atopanse perfectamente xustificadas e acreditadas no contido do informe proposta alegado, sendo os mesmos axustados o procedemento de calculo.

En relación o contido desta alegación debese indicar que a proposta realizada por VITRASA sobre o valor de aplicación do factor “man de obra”, debe atender de forma correcta co disposto no prego de condicións que rexe a concesión e a oferta presentada pola empresa concesionaria, en relación ao Convenio de transporte de viaxeiros por estrada da provincia de Pontevedra, o valor da man de obra revisárase en función do Convenio Provincial de Pontevedra do Sector do Transportes, correspondente a un traballador con categoría laboral de condutor, supoñendo constante o numero de horas traballadas, tendo en conta os custes da seguridade social e outras cargas que corresponda pagar a empresa.

O Convenio de transporte de viaxeiros por estrada da provincia de Pontevedra vixente, e o aprobado o 5 de outubro de 2018 e publicado no B.O.P.P. de data 23 de outubro de 2018 e a última táboa salarial aprobada en relación co citado convenio correspóndese coa publicada no BOPP do 2 de setembro de 2020.

A empresa propón como factor man de obra a cantidade de 28.453,81 €. manifestando que o Convenio de Transportes da provincia de Pontevedra esta vencido dende o pasado 31 de decembro de 2020, polo que habendo incrementos importantes nos custes laborais de Vitrasa, se incorpora unha subida previsible do IPC estimado para este exercicio 2021 que segundo as recentes estimacións de Funcas se cifra nun 4,8 % no presente ano.

Polo tanto non é que o Concello entenda que o convenio provincial de aplicación non se encontra vixente nin esqueza que dito convenio encontrase en revisión, senón que o Concello se axusta estritamente ao disposto no prego de condición que rexe o contrato e aplica a última táboa salarial aprobada en relación co citado convenio, e non improvisa unha formula de revisión como fai a empresa concesionaria propoñendo unha subida previsible do IPC.

Así mesmo na proposta de cálculos sobre a tarifa para o ano 2022, Vitrasa presenta no “documento nº2”, uns cálculos sen ningún tipo de xustificación, soamente identifica un importe contradictorio ao calculo realizado no informe proposta alegado, sen identificar os factores que deben aplicarse ao custe unitario, sen ningún tipo de dato acreditativo. En relación aos cálculos realizados por VITRASA, debemos reiterar neste apartado o informado anteriormente sobre a alegación primeira, en relación a incongruencia dos datos que expón VITRASA, así na solicitude de revisión de tarifa (expediente 3242/449) identifica como importe pendente de amortizar de flota (amortización+intereses) para a aplicación na tarifa o de 2.999.007,69 € (sen ter en conta o proposta de novos vehículos), e do documento nº 1 da alegación presentada desprendese un importe de 2.863.613,43 € (non se aporta ningunha

xustificación). Esta diferenza volve a identificar a inconsistencia e total falta de xustificación por parte de Vitrasa, o cal pon de manifesto o indicado no informe proposta alegado en relación a non xustificación por parte de Vitrasa da documentación presentada.

En relación o contido da alegación sobre os cálculos das amortizacións e a repercusión en tarifa, ven indicar a súa contrariedade sobre o aplicación dos importes de amortización, e de forma expresa indica *“un atraso das amortización pendentes (mais de 1,2 millóns de euros) ao final do contrato”*. Sobre esta alegación debese reiterar a xustificación contida de forma exhaustiva no informe proposta alegado. As amortización de aplicación calculadas no informe proposta da revisión de tarifa, correspondese co método de calculo aplicado no presente contrato e xustificase adecuadamente cal e o motivo de aplicación do diferencial entre a amortización teórica sobre a real (neste caso fundamentado na sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo de data 5 de xuño de 2012). Neste sentido o alegante parece que non ten en conta que a citada sentenza desestima a pretensión da empresa concesionaria por considerar como di no fundamento de dereito noveno que *“la actora carece de derecho a ser resarcida en los terminos pretendidos del alegado deficit acumulado a fecha 31 de diciembre de 2009, en la recuperación de las inversiones previstas en material movil terrenos e instalaciones por no provenir dicho deficiiti ni de una actuación unilateral del Concello que haya ordenado modificaciones en el servicio ni tampoco de ninguna ciscustancia imprevisible que rompa la economía de la concesión, sino de una eventualidad relativa al numero de viajeros reales que cada año han utilizado el servicio , cuyo posible acaecimiento ya era contemplado en la oferta de Vitrasa, llegandose a preveer incluso en el propio pliego la posibilidad de que exista material movil que al termino del periodo concesional no haya sido amortizado”*.

Polo que se reitera o manifestado no informe-proposta relativo a que dito importe non pode ser aplicado de forma anticipada debendo resolverse no proceso de liquidación do contrato unha vez finalizado o período da prorroga. Sobre este criterio debemos facer referencia a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo de data 5 de xuño de 2012. *“ Así mesmo indicar que a cláusula 58 do PCEAPT establece que” .. O cumprimento do prazo establecido e das prorrogas que, no seu caso, se concedesen, o Concello de Vigo poderá adquirir, todo o parte del material móbil, afecto ao servizo, que se encuentre total o parcialmente pendiente de amortización, o ben determinar que o mesmo sexa adquirido polo novo concesionario, mediante a inclusión da correspondente cláusula no prego de condicións que a tal fin elabore. Tamén poderá determinar que o devandito material quede no poder do concesionario”*

Polo exposto, se propón a desestimación das alegacións efectuadas pola empresa concesionaria do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros, ao informe proposta realizado polo servizo de transportes na data 2 de febreiro de 2022, durante o período de tramite de audiencia concedido , e a ratificación do contido do citado informe proposta.



Concello de Vigo

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).

O procedemento aplicable para a revisión da tarifa é o establecido no artigo 62 do Prego de condicións que rexe a concesión do transporte urbano colectivo de viaxeiros, aprobado definitivamente en sesión plenaria celebrada en data 26 de maio de 1994.

Así como tamén o disposto no Decreto 2695/77, de 28 de outubro, Decreto 2226/77, de 27 de agosto, Orde de 30 de setembro de 1977, Disposición transitoria primeira do Real Decreto 1947/79, de 3 de agosto e a Orde de 26 de febreiro de 1993.

Tendo en conta o ata aquí exposto, formulase a seguinte informe-proposta para a posterior remisión a Xunta de Goberno Local previo informe preceptivo de Asesoría Xurídica e informe de fiscalización da Intervención Municipal :

INFORME-PROPOSTA:

1) Desestimar as alegacións presentadas pola empresa Viguesa de Transportes S,.L., concesionaria do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo, na data 23 de febreiro de 2022 ao informe-proposta formulado polo servizo de transportes na data 2 de febreiro de 2022, polos motivos expostos no presente informe-proposta.

2) Acumular o expediente nº 3242-449 de revisión de tarifas do transporte urbano de viaxeiros da cidade de Vigo para o ano 2021 de data 30 de outubro de 2020 en tanto e canto que o desenvolvemento das actuacións sobre a tarifa do ano 2021, non posibilitaron a aplicación obxectiva dos factores que conforma a tarifa, e a continuidade do servizo nos sitúa na actualidade no marco da aprobación de tarifa para o ano 2022, situando a mesma con bases obxectivas e de aplicación, polo cal ven a ratificarse a continuidade da tarifa aprobada para o ano 2019 durante o ano 2021.

3) Acumular o expediente nº 3391-449 relativo a proposta de renovación de flota de Vitrasa presentado na data 30 de abril de 2021, xa que a solicitude realizada polo Concesionario no citado expediente ten a súa continuidade na solicitude de data 29/10/2021, en tanto e canto que o desenvolvemento das actuacións sobre a adquisición de vehículos queda regulada no marco da aprobación de tarifa para o ano 2022, situando a mesma con bases obxectivas e de aplicación.

4) Autorizar o axuste na previsión do número de vehículos que reflicte a prórroga acordada no ano 2020 (expediente 3080-449) e autorizar a concesionaria a adquisición dos 29 vehículos previstos segundo o axuste para o ano 2022, de acordo coa proposta recollida

neste informe e incluídos no calculo de tarifa para o ano 2022, que deberan incorporarse a concesión a principio do mes de xullo de 2022.

5) Aprobar as tarifas do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral da cidade de Vigo, solicitada pola empresa “VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L.” para o ano 2022 sendo os prezos a aplicar co IVE incluído, de conformidade cos informes obrantes neste expediente os seguintes

- Prezo billete tarifa ordinaria: **1,40 € (IVE incluído)**
- Prezo coche/qm: **5,3376 € (IVE incluído)**

6) Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na normativa vixente en materia de prezos autorizados.

7) Aprobar como prezos da tarifa base subvencionada para o ano 2022 nas seguintes contías incluíndo a subvención no pago do billete ordinario na venta contado :

	Con IVE		Achega máxima Concello	
	Tarifa base	Tarifa base subvencionada	Diferenza coa tarifa base con IVE	Diferenza coa tarifa base sen IVE
Venta contado	1,40 €	-----	-----	-----
Billete normal -	1,40 €	0,89 €	0,51 €	0,4636 €
Billete estudante -	1,40 €	0,86 €	0,54 €	0,4909 €
Billete Pensionista I -	1,40 €	0,00 €	1,40 €	1,2727 €
Billete Pensionista II -	1,40 €	0,00 €	1,40 €	1,2727 €
Billete Universitario -	1,40 €	0,67 €	0,73 €	0,6636 €
Billete social –	1,40 €	0,69 €	0,71 €	0,6454 €

Persoas mobilidade reducida que utilicen cadeira de rodas e o seu acompañante	Billete gratuíto
---	------------------

A previsión do gasto derivado dos importes subvencionados os usuarios dos diferentes perfís indicados no cadro anterior, ascende a unha estimación 9.258.913,22 €, en base a hipótese realizada para o ano 2022 cun 78% de viaxeiros de pago respecto os do ano 2019. Dito gasto será de aplicación os créditos previstos no orzamento 2022 na aplicación 4411.470.00.01.

8) Autorizar a concesionaria ao inicio do proceso de adquisición dos 20 vehículos previstos para o ano 2023, de acordo coa proposta recollida neste informe, que deberan incorporarse a concesión a principio do mes de xaneiro do ano 2023, previa presentación da memoria técnica e o alcance orzamentario desta adquisición, que deberá ser aprobada polo Concello. A amortización desta inversión será incorporada na revisión tarifaria do ano 2023

9) Autorizar de maneira extraordinaria a continuidade dos 29 vehículos adscritos a concesión e vinculados a execución da inversión do ano 2022, ate a incorporación dos novos vehículos prevista para o mes de xullo do ano 2022, para o cal o concesionario obrigase a manter un proceso de revisión específico en función do uso dos mesmos.



Concello de Vigo

10) A tarifa aprobada para o ano 2022 producirá efectos dende o día 1 de xaneiro de 2022 de conformidade co disposto no artigo 62.10 do prego de condicións que rexe a concesión aprobado por acordo plenario de data 26 de maio de 1994, polo cal autorizase a Concesionaria facturar ao Concello de Vigo o importe correspondente ao ao número de viaxeiros de pago polo importe diferencial entre a achega do Concello de Vigo da tarifa vixente aprobada para o ano 2019 e o importe da achega do Concello para a nova tarifa de aplicación para o ano 2022. Dito gasto será de aplicación os créditos previstos no orzamento 2022 na aplicación 4411.470.00.01.

11).- Dar traslado do presente acordo a empresa concesionaria aos efectos oportunos, informándolle que contra o mesmo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, segundo o preceptuado no artigo 46 Lei da Xurisdición Contencioso-administrativa (Lei 29/1998 de 13 de xullo); así mesmo de forma potestativa poderá formularse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente acordo.

11(236).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez